

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 14 de outubro de 2011

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D. Carlos López Font
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez

Invitado:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día catorce de outubro de dous mil once e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. González Carnero, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1159).- ACTA ANTERIOR. Apróbanse as actas das sesións ordinaria e extraordinaria e urxente do 7 de outubro de 2011. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(1160).- DAR CONTA DAS SENTENZAS E AUTOS REMITIDOS POR ASESORÍA XURÍDICA.

Dáse conta dos seguintes Decretos e Sentenzas remitidos por Asesoría Xurídica:

- a) Decreto do X.Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 366/2010 P.A. Demandante: D^a. LAURA MONTENEGRO FERNÁNDEZ. Obxecto: Resolución do 30.09.2010 sobre sanción de tráfico (Expte.: 108661338) Desestimado da actora.
- b) Sentenza do X.Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 263/10 P.O. Demandante: D MIGUEL A. ALVAREZ ALVAREZ. Obxecto: Desestimación presunta do escrito do 10.06.10 (indemnización)- Contrato de Obras , liquidación, Humanización r/Esperanto (Expte.: 54649/250-173/435). Desestimado o recurso.
- c) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº P.O. 49/10 Demandante: ATLANTIS – SEGUROS e outra persoa. Obxecto: Resolución do 15.02.2011 (en reposición) reclamación patrimonial (Expte: 2367/423). Desestimado o recurso.
- d) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº P.A. 88/11 Demandante: D^a. LORETO RAMOS LAMAS. Obxecto: Resolución do 15.02.2011 (en reposición) sobre sanción de tráfico (Expte: 108703653). Desestimado o recurso.
- e) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº P.O. 494/10 Demandante: COLEXIO OFICIAL DE APRARELLADORES. Obxecto: X.G.L. 30.08.10, solicitude suspensión obras Auditorio Beiramar (Expte: 3285/421). Desestimado o recurso.
- f) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº P.A. 254/11 Demandante: MAPFRE E OUTRA PERSOA. Obxecto: Resolución do 26.02.2010 sobre reclamación patrimonial (Expte: 2760/243). Desestimado o recurso.
- g) Sentenza do X.Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 205/2011 P.A. Demandante:D^a SILVIA GONZÁLEZ CIBEIRA. Obxecto:Resolución do 01.04.2011 sobre sanción tráfico (expte.: 108708572) Desestima o recurso.
- h) Decreto do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 261/2011 P.A. Demandante: D. RUBÉN DO NASCIMIENTO VIEIRA. Obxecto: Silenzo administrativo (Resolución do 04/07/2011) reclamación patrimonial. Expte.: 2811/243. Desestimado da actora.
- i) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 218/2011 p.a. Demandante: D^a BENILDE ÁLVAREZ DOMÍNGUEZ. Obxecto: Resolución do 30.11.2010 sobre reclamación patrimonial (Expte.: 2942/243). Desestimado o recurso.
- k) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 263/2011 p.a. Demandante: D. JORGE PALMÁS RODRÍGUEZ. Obxecto: Resolución 20.10.2010. Sanción Tráfico (Expte.: 108701703) Desestimado o recurso.
- l) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 210/2010 P.A. Demandante: D. JUAN MANUEL PORTAS OLIVEIRA. Obxecto: Sanción tráfico (Expte.: 108720597) Estimado o recurso.

m) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 236/2010 P.O. Demandante: D. JOSÉ V. RODRÍGUEZ BELLO E OUTRO. Obxecto: “Vía de feito” Acondicionamento de aparcadoiro en superficie na rúa Pereiras-Bravo (Expte.: 61853/250). Estimado o recurso.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

3(1161).- CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A ENTIDADES E ASOCIACIONES DE CARÁCTER SOCIAL, SEN ÁNIMO DE LUCRO, PARA MANTEMENTO E PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE ÁREA DOS SERVIZOS SOCIAIS, ANO 2011. EXPTE. 59009/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 4.10.11, e de acordo co informe-proposta da instructora do expediente, do 15.09.11, conformado pola concelleira-delegada da Área de Política de Benestar, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Conceder, con cargo á partida 2310.489.00.00 do vixente orzamento, a cantidade de 75.708,75 euros en concepto de subvencións a entidades e asociacións, de carácter social, sen ánimo de lucro, para mantemento e para a realización de actividades da área de servizos sociais no ano 2011, segundo o seguinte desglose:

- Programas, proxectos e actividades desenvolvidas no ano 2011, dentro do programa de subvencións a entidades e asociacións, de carácter social, sen ánimo de lucro, para mantemento e para a realización de actividades da área dos Servizos Sociais no ano 2011, por un importe total de 49.458,75€.

ASOCIACIÓN	CIF	ACTIVIDADE SUBVENCIONADA	CANTIDADE SOLICITADA		IMPORTE CONCEDIDO
A.I.D.A	G36818649	Curso alfabetización lingua e cultura castelá e galega	3.000 €	3,55	976,25
ALENTO	G 36873511	Inf. e asesoramento a familiares de afectados dano cerebral	1.500 €	3,90	1.072,50
ALF. CASTELAO XUBILADOS	G36755254	Actividades culturais	2.200 €	2,55	701,25
ANHIDA	G36938272	Charlas formativas sobre TDAH	3.000 €	4,30	1.182,50
AMIGOS DE GALICIA FUNDACIÓN	G15859911	Cobertura necesidades básicas	3.000 €	3,20	880,00
A.P.A.M.P.	G36624120	Programa de ocio e tempo libre	1.500 €	3,70	1.017,50
ARELA	G36846152	Prevención conductas infractoras	3.000 €	3,65	1.003,75

ASOCIACIÓN	CIF	ACTIVIDADE SUBVENCIONADA	CANTIDADE SOLICITADA		IMPORTE CONCEDIDO
A.S.E.M. GALICIA	G36925691	Asem informa 2011	3.000 €	3,75	1.031,25
AS.GA.MA.	G36777670	Actividades culturais	7.400 €	2,55	701,25
ASOC. ESPAÑOLA CANCER	G 28197564	Atención psicosocial do enfermo e as súas familias, prevención	2.500 €	4,60	1.265,00
ASPANAEX	G36605905	Creación de un taller de bisutería	3.000 €	3,25	893,75
ASVIDAL	G36627453	Contratación Unidade apoio programa de capacitación e inserción sociolaboral	1.500 €	4,25	1.168,75
AULAS 3º IDADE	G15496607	Aula achega	3.000 €	3,20	880,00
A.V.E.M.PO	G36816106	Terapia ocupacional e logopedia	1.500 €	3,35	921,25
BULIMIA E ANOREXIA	G36835403	Aprender a relaxarse	3.000 €	0,00	921,25
AYUVI	G86802536	Curso teorico-practico de cociña	2.500 €	2,95	811,25
CCANVIHAR	G36306504	Apoio integral persoas VIH, SIDA, familiares	3.000 €	3,65	1.003,75
COFRADÍA CRISTO AFLIXIDOS	G36690170	Xuntanza-homenaxe aos nosos maiores	1.150 €	3,35	921,25
COGAMI	G36704195	Prevención dependencia e fomento autonomía persoal	3.000 €	3,90	1.072,50
DOWN VIGO	G36697324	Habilidades básicas e vida independente	1.500 €	4,60	1.265,00
FUNDACION CUME	G36797579	Actividades formativas adultos en exclusión social	3.000 €	3,35	921,25
DORNA ASOC. MULLERES	G36619468	Viaxes culturais	1.675 €	2,55	701,25
FEAFES GALICIA	G15545353	Ocio e deporte persoas con enfermidade mental	3.000 €	3,80	1.045,00
FUNDACIÓN IGUAL ARTE	G36427524	Clases expresión plástica discapacitados	2.000 €	3,45	948,75
FUNDACION JUAN SOÑADOR	G24452435	Proxecto "Teranga" (formación e alfabetización para inmigrantes)	19.353€	3,15	866,25
FUNDACIÓN MENELA	G36685964	Atención temperá	4.000 €	4,30	1.182,50
FUNDACION MENIÑOS	G15551120	Responsable e solidaria	2.500 €	5,25	1.443,75
RADIO ECCA	G35103431	Proxecto agromar (lecto-escritura inmigrantes)	3.000 €	3,60	990,00
HEMOFILIA	G15220577	Servizo de atención e información permanente.	1.500 €	3,85	1.058,75

ASOCIACIÓN	CIF	ACTIVIDADE SUBVENCIONADA	CANTIDADE SOLICITADA		IMPORTE CONCEDIDO
HOGAR Y CLÍNICA SAN RAFAEL	R3600336F	Programa ocio e tempo libre e hábitos saudables	3.000 €	3,80	1.045,00
LEDICIA	G36852523	Cursos e actividades culturais	12.495 €	3,00	825,00
MEDICOS DO MUNDO	G80992555	Mellora acceso sistema sanitario inmigrantes	3.000 €	4,25	1.168,75
MULTICULTURAL DE MULLERES	G27707405	Curso de cociña	4.026 €	2,55	701,25
NEVOX-VALADARES	G36806222	Actividades socioculturais	1.500 €	3,00	825,00
NOVAS RUTAS	G36854867	Proxecto socioeducativo e de integración "ALEDAR"	7.283 €	3,80	1.045,00
PARKINSON	G36962447	logopedia	3.000 €	3,85	1.058,75
PROXECTO HOME	G15258213	Programa acougo	1.500 €	3,20	880,00
QUIÑONES DE LEÓN	G36760064	Excursións ludicas e culturais	6.175 €	3,00	825,00
REMAR	G36796986	Proxecto "José" reparto alimentos	3.000 €	4,80	1.320,00
RESIDENCIA STA. MARTA	R36000991	"lembraT"	2.050 €	3,05	838,75
SAN CAYETANO Y DAMAS PROVIDENCIA	G36744480	Apoio familias en estado de necesidade	3.000 €	4,80	1.320,00
ROSALIA CASTRO ASOC. 3ª IDADE	G36750479	Viaxes culturais	3.000 €	3,00	825,00
SAN FRANCISCO	G36613891	Actividades sociais	2.500 €	3,20	880,00
SAN VICENTE DE PAUL	G36763860	Taller prelaboral de cociña	10.500 €	3,45	948,75
SOLIDARIEDADE INTRN. GALICIA	G36833648	"contos do mundo"	2.750 €	3,45	948,75
VALADARES	G36617082	Un banco de tempo para 3ª idade	1.500 €	3,10	852,50
VILLA GALICIA	G36745065	Convivencias Villa Galicia	6.766 €	3,00	825,00
VIUDAS DEMÓCRATAS	G36964757	Congreso de viudas	2.500 €	3,00	825,00
XARUMA, ESCOLA TEMPO LIBRE	G36817385	NATURAL-MENTE	3.000 €	3,45	948,75
XOGADORES ANÓNIMOS	G36730059	Asistencia psicolóxica a afectados e familiares	3.000 €	3,05	838,75
XOGARA	G36628543	O cachibol	4.959 €	3,15	866,25
		total			49.458,75

- Mantemento das entidades que operan no ámbito dos servizos sociais, dentro do Programa de subvencións a entidades e asociacións, de carácter social, sen ánimo de lucro, para mantemento e para a realización de actividades da área dos Servizos Sociais no ano 2011, por un importe total 26.250,00€

ASOCIACION	CIF	CONCEPTO	Cantidade solicitada	Ptos	Importe concedido
AFAGA	G36776920	Gastos mantemento	1.500 €	5,00	750,00
A.I.D.A	G36818649	Gastos mantemento	1.500 €	4,00	600,00
ALENT0	G36873511	Gastos mantemento	1.500 €	5,00	750,00
ANHIDA	G36938272	Gastos mantemento	1.500 €	5,00	750,00
A.P.A.M.P.	G36624120	Gastos mantemento	1.500 €	5,00	750,00
ARVI	G36730521	Gastos mantemento	1.500 €	5,00	750,00
AS. ESPAÑOLA CANCER	G28197564	Gastos mantemento	4.000 €	5,00	750,00
AS. PERSOAS XORDAS	G36622835	Gastos mantemento	1.500 €	5,00	750,00
ASPANAEX	G36605905	Gastos mantemento	5.000 €	5,00	750,00
ASVIDAL	G36627453	Gastos mantemento	1.500 €	5,00	750,00
AUTISMO VIGO	G36849883	Gastos mantemento	1.500 €	5,00	750,00
AVEMPO	G36816106	Gastos mantemento	1.500 €	4,00	600,00
AVIDEPO	G36821171	Gastos mantemento	1.350 €	5,00	750,00
AYUVI	G36802536	Gastos mantemento	1.100 €	4,00	600,00
AZO	G36987147	Gastos mantemento	1.500 €	3,00	450,00

ASOCIACION	CIF	CONCEPTO	Cantidade solicitada	Ptos	Importe concedido
BULIMIA Y ANOREXIA	G36835403	Gastos mantemento	1.500 €	5,00	750,00
CCANVIHAR	G36306504	Gastos mantemento	1.500 €	4,00	600,00
COGAMI	G36704195	Gastos mantemento	1.500€	5,00	750,00
DIABETICOS	G36822286	Gastos mantemento	5.000 €	5,00	750,00
DOWN VIGO	G36697324	Gastos mantemento	1.500 €	5,00	750,00
FARAXA	G27728658	Gastos mantemento	1.500 €	3,50	525,00
FUNDACIÓN IGUALARTE	G36427524	Gastos mantemento	2.000 €	4,00	600,00
FUNDACIÓN INTEGRÁ	G36880615	Gastos mantemento	1.500 €	4,00	600,00
FUNDACIÓN RADIO ECCA	G35103431	Gastos mantemento	1.500 €	4,00	600,00
HEMOFILIA	G15220577	Gastos mantemento	1.500€	5,00	750,00
LEDICIA	G36852523	Gastos mantemento	1.025 €	3,50	525,00
MADRO	G36750651	Gastos mantemento	1.500 €	5,00	750,00
MEU LAR (ASOC VIUDAS)	G36621456	Gastos mantemento	500 €	3,00	450,00
MULTICULTURAL MUJERES	G27707405	Gastos mantemento	1.500 €	3,50	525,00
NEVOX	G36806222	Gastos mantemento	1.500 €	3,50	525,00
PARKINSON VIGO	G36962447	Gastos mantemento	1.500 €	5,00	750,00
PROXECTO HOME	G15258213	Gastos mantemento	1.500 €	5,00	750,00
QUIÑONES DE LEÓN	G36760064	Gastos mantemento	18.312 €	3,50	525,00

ASOCIACION	CIF	CONCEPTO	Cantidade solicitada	Ptos	Importe concedido
REMAR GALICIA	G36786986	Gastos mantemento	1.500 €	4,00	600,00
SALVORA F .TUTELAR GALEGA DISCPACITADOS	G36733046	Gastos mantemento	3.000 €	5,00	750,00
SAN FRANCISCO	G36613891	Gastos mantemento	3.500 €	5,00	750,00
SAN VICENTE PAUL	G36763860	Gastos mantemento	16.400€	4,00	600,00
VIUDAS DEMÓCRATAS	G36964757	Gastos mantemento	1.200 €	3,50	525,00
XARUMA	G27746486	Gastos mantemento	1.500 €	3,00	450,00
XOGADORES ANÓNIMOS	G36730059	Gastos mantemento	3.000 €	4,00	600,00
				TOTAL	26.250,00

2º.- Desestimar as solicitudes de subvencións ás entidades que se relacionan, por non ser conformes coas bases reguladoras do programa, aprobadas en Xunta de Goberno Local de 18 de marzo de 2011:

- Desestimacións de solicitudes de actividades:

ENTIDADE	CAUSA
ADO	Arquivo por non subsanar documentación en prazo
AREAS	Base Segunda, punto 2.
ASDEGAL (Asociación Solidaria de Galicia)	Base Segunda, punto 3.
ASOGAPEN	Base Segunda, punto 3.
ASPERGA	Base Segunda, punto 4.
AVOA (Asociación de xubilados en pensionistas)	Base Sexta.
AZO (Asociación galega de apoio o desenvolvemento do Inmigrante)	Base Segunda, punto 4.

ASOCIACIÓN VECIÑAL BEADE	Base Segunda, puntos 2 e 4.
ASOCIACIÓN VECIÑAL CALVARIO	Base Segunda, puntos 3 e 4.
ASOCIACIÓN VECIÑAL CAMINO VELLO	Base Segunda, puntos 4 e 3.
CASA DE ANDALUCIA	Base Segunda, punto 4.
CIUDADANOS CABREADOS DE ESPAÑA	Base Segunda, punto 4.
CURVA SAN GREGORIO ASOCIACIÓN VECIÑAL	Base Segunda, punto 3.
DR. FLEMING ASOCIACIÓN VECIÑAL	Base Segunda, punto 4.
FARRAXA	Base Segunda, punto 2.
EDUARDO CHAO (FEDERACIÓN VECIÑAL)	Base Segunda, punto 4 y 12.
GLAUCOMA	Base Segunda 12.
HELIOS (SOCIEDAD CULTURAL, DEPORTIVA E RECREATIVA BEMBRIVE)	Base Segunda, punto 3.
LAVADORES ASOCIACIÓN VECIÑOS	Base Segunda, punto 3.
MEU LAR ASOCIACIÓN DE VIUDAS	Base Segunda, punto 2.
MONTE DA MINA (ASOCIACIÓN VECIÑAL CASTRELOS)	Base Segunda, punto 4.
O NOSO DÍA	Base Segunda, punto 2.
PRAZA DA MIÑOCA ASOCIACIÓN VECIÑAL	Base Segunda, punto 3.
SANTA ANA IRMANDADE DE FESTAS	Base Segunda, punto 4.
SODINAUTICA	Base Segunda, punto 4.
SPECIAL OLYMPICS	Base Segunda, punto 4.

STOP ASOCIACIÓN	Base Segunda, punto 3.
-----------------	------------------------

◆ Desestimacións de solicitudes de mantemento:

ENTIDADE	CAUSA
ADO PONTEVEDRA	Base Segunda, punto 2.
AREAS	Base Segunda, punto 2.
ASDEGAL (Asociación Solidaria de Galicia)	Base Segunda, punto 2.
EDUARDO CHAO (FEDERACIÓN VECIÑAL)	Base Segunda, punto 2.
ASOC. FASE DE ENCUENTRO	Arquivo por non subsanar documentación en prazo.
HELIOS (SOCIEDAD CULTURAL, DEPORTIVA E RECREATIVA BEMBRIVE)	Base Segunda, punto 2.
LAVADORES ASOCIACIÓN VECIÑOS	Base Segunda, punto 2.
SODINAUTICA	Base Segunda, punto 2.

4(1162).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN Á FUNCIONARIA D^a. BEATRIZ BARBARÁ RODRÍGUEZ PARA CURSAR O “MÁSTER EN CONTRATACIÓN PÚBLICA”. EXPTE. 3788/241.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da Área de Contratación e Novos Proxectos, do 4.10.11, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar a funcionaria municipal D^a Beatriz Barbará Rodríguez, técnica de administración xeral adscrita ó servizo de contratación, con nº de persoal 79.572, para cursar o máster: “Máster en Contratación Pública”, que se desenvolverá no período comprendido entre o día 15 de outubro de 2011 e o día 30 de xuño de 2012, convocado pola Universidade de Castilla-La Mancha, que tendrá carácter semipresencial desenvolvéndose a formación a distancia con excepción dun mínimo de doce horas presenciais por módulo que se concentrarán nunha soa semana no mes de febreiro de 2012.

2º.- Autorizar o aboamento da matrícula correspondente ó “Máster en Contratación Pública”, convocado pola Universidade de Castilla-La Mancha, dispoñéndose que polo Servizo de Contratación se proceda á tramitación do correspondente expediente de gasto ós efectos de autorizar o libramento a xustificar por importe total de 2.400 euros en concepto de gastos de matrícula, que se aboarán en dous prazos, o primeiro no mes de outubro de 2011 e o segundo no mes de febreiro de 2012, debendo imputarse ó gasto á aplicación orzamentaria 9226.1620000 da forma seguinte: 1.200 € ó ano 2011 e 1.200 € ó ano 2012.

5(1163).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DO SERVIZO DE SALVAMENTO E SOCORRISMO EN AREAIS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 7057/306.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Especial, do 12.09.11, conformado pola concelleira de Contratación, a xefa do Servizo de Fiscalización e o interventor xeral, que di o seguinte:

Pola entidade mercantil Aqualia G.I.A. S.A., mediante escrito presentado no rexistro Xeral en data 23 de agosto de 2011, solicita a revisión de prezos do contrato do servizo de salvamento e socorrismo nas praias de vigo, correspondente o ano 2011.

A XGL en sesión de 14 de xuño de 2010, acordou adxudicar a Aqualia Xestión Integral de Agua s.A., o procedemento negociado con publicidade para a contratación dos servizos de salvamento e socorrismo en areais do Concello de Vigo, por un prezo total de 439.722,32 euros, ive incluído (a cuota correspondente o IVE é de 67.076,29 euros).

O prazo do contrato será nos meses de xuño a setembro incluídos , dos anos 2010 e 2011, con posibilidade de prorroga para o mesmo periodo nos anos 2012 e 2013.

A posibilidade de revisión de prezos está recollida na cláusula 3.2 do PCA, que determina que procederá a revisión de prezos cando deste xeito se determine a súa procedencia no apartado 9.1 da FEC, conforme a fórmula ou sistema indicado no apartado 9.2 da FEC. A súa aplicación aterase ó previsto nos artigos 77 ó 82 da LCSP.

No apartado 9.1 da FEC determinase que procede a revisión de prezos, fixando no apartado 9.2 que ésta será transcorrido un ano dende a adxudicación do contrato e recollerá o 85% da variación experimentada polo IPC nacional no periodo que medie entre a data de revisión e a data de adxudicación do contrato , sempre que esta se produza no prazo de tres meses dende a finalización do prazo de presentación de ofertas ou respecto a data en que termine dito prazo de tres meses se adxudicación se produce con posterioridade.

A XGL en data 26 de agosto de 2011, adoptou no punto nº 20 apartado 2º, o seguinte acordo:

" Aprobar de conformidade coa reorganización de horarios, a redución do seu prezo para este ano 2011 de 6.143,8 euros sen iva (7.249,68 euros con IVE), dos 186.323,015 euros sen iva (219.861,16 euros iva engadido) previstos, cuxa compensación se efectuará no pagamento correspondente ao mes de setembro do contrato, sen perxucio da revisión de prezos que proceda conforme ao establecido no apartado 9 da FEC do Prego das cláusulas administrativas particulares.

A data de adxudicación da contratación foi o 14 de xuño de 2010, polo que a revisión procedería a partir do 15 (incluído) de 2011, sendo o prezo a revisar de 219.861,16 euros iva (18%) engadido, menos a cantidade a descontar de 7.249,68 euros, que resulta unha cantidade a revisar de 212.611,48 euros.

O IPC a aplicar para proceder a revisión será o de maio 2010 a maio 2011 que según datos do INE foi de 3,5%, sendo o 85% de dito incremento o de 2,98%, polo que o prezo revisado será o de $212.611,48 \times 1,0298 = 218.947,30$ euros iva engadido.

A vista do anterior, proponse a XGL, previo informe da Intervención Xeral, a adopción do seguinte ACORDO:

Aprobar a revisión do prezo do contrato do servizo de salvamento e socorrismo en áreas do Concello de Vigo, adxudicado a Aqualia Gestión Integral de agua S.A., en data 14 de xuño de 2010, establecendo o prezo a partir do 15 de xuño de 2011 na cantidade de 218.947,30 euros iva (18%) engadido.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(1164).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DA CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DO SERVIZO DE CONTENERIZACIÓN, RECOLLIDA E TRANSPORTE DE RECICLADORES AUTORIZADOS DOS RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS RECICLABLES. EXPTE. 19206/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Especial, do 22.08.11, conformado pola concelleira de Contratación acctal., a xefa do Servizo de Fiscalización e o interventor xeral, que di o seguinte:

A U.T.E. “Fomento de Construcciones y Contratas, S.A.” e “Contenur España S.L.”, Vigo Recicla U.T.E, mediante escrito presentado no Rexistro Xeral en data 13 de abril de 2011, doc 110050408, como adxudicataria do concurso convocado para a concesión do servizo de contenerización, recollida e transporte a recicladores autorizados dos RSU reciclables, solicita a revisión do prezo do contrato para o período de 1 de outubro de 2009 a 30 de setembro de 2010.

A contratación de dito servizo foi adxudicada a U.T.E. Fomento de Construcciones y Contratas, S.A., e Contenur España, S.L., comprometéndose ésta á execución do contrato de concesión administrativa do servizo de contenerización, recollida e transporte a recicladores autorizados dos residuos sólidos urbanos reciclables no Concello de Vigo con estricte suxeición ós pregos de cláusulas técnicas e administrativas particulares aprobadas polo Pleno do Excmo. Concello de Vigo de 21 de decembro de 2002, coas condicións da oferta presentada pola empresa adxudicataria e acordo plenario de adxudicación de 1 de agosto de 2003.

Segundo consta no documento administrativo do contrato, de data 29 de setembro de 2003, e conforme co establecido na cláusula IX do prego de cláusulas administrativas que rexeron a contratación, o prazo do contrato comezará o día 1 de outubro de 2003.

A revisión de prezos solicitada pola adxudicataria faise de acordo co previsto na cláusula VII do prego de condicións administrativas particulares que rexeron o concurso, na que ven recollido o seguinte:

“ o prezo contractual será obxecto de revisión anual conforme á seguinte fórmula:

$$\text{Prezo actualizado} = ((P_o - \text{amortización}) K + \text{amortizacións}) X T$$

Na que P_o = Prezo inicial do contrato ive excluído.

T = índice multiplicador que recolle o tipo impositivo do IVE aplicable a operación.
 $K = A (Mt/Mo) + B (Gt/Go) + C (Rt/Ro)$

Mt/Mo = índice xeral correspondente ó incremento real dos custos de persoal obtidos segundo as seguintes expresións $Mt/Mo = Cpn (t) / Cpn (o)$ custo medio real para a categoría de peón noite, segundo convenio colectivo nos anos “t” de revisión e “o” do ano que rematou o prazo de presentación de proposicións. A variación anual de este índice non pode ser superior á que experimente o IPC incrementado en 1,5 puntos.

Gt - 0 Custo medio ponderado de combustibles para automoción no ano de revisión t.

Go = Custo medio ponderado de combustible para automoción no ano da licitación (o), (0,694 euros/litro).

Rt = Outros gastos, no momento da revisión, calculado por aplicación do IPC nacional correspondente o mes no que se realice a revisión, setembro 2009.

Ro = Outros gastos no momento da adxudicación calculado pola aplicación do IPC correspondente ó mes no que finalice o prazo de presentación de propostas (de marzo de 2003).

PLANTEAMENTO DA REVISIÓN.

1º.- Tal como se expuxo anteriormente este compoñente da fórmula de revisión corresponde ó incremento real dos costes de persoal obtidos según a seguinte expresión $Mt/Mo = Cpn (2003)/Cpn (2009/2010)$, sendo CPN 2003 o coste peón para a categoría peón noite no ano de adxudicación e CPN (2009/2010) o Coste peón noite no periodo de revisión que comprende o periodo comprendido ente o 1 de outubro de 2009 e o 30 de setembro de 2010).

O feito de que se aplique o incremento do IPC ata o mes de decembro de cada un dos anos que comprende o periodo de revisión, obedece a que tal como se recolle no PCA que rexeu a contratación, a comparación entre costes deste concepto CPN, realizase entre o coste o orixe e o coste do periodo de revisión, e este coste obtense, tal como se recolle no convenio colectivo da empresa, por aplicación do IPC real do ano o coste da anualidade anterior.

O calculo efectuarase da forma seguinte:

- Incremento IPC dec 2003/2004 + 1,5 puntos : 4,7%.
- Incremento IPC dec 2004/2005 + 1,5 puntos: 5,2% incremento acumulado 1,1014.
- Incremento IPC dec 2005/2006 + 1,5 puntos: 4,2% incremento acumulado 1,1477.
- Incremento IPC dec 2006/2007 + 1,5 puntos: 5,7% incremento acumulado: 1,2131.

- Incremento IPC dec 2007/2008 + 1,5 puntos: 2,9 incremento acumulado 1,2483.
- Incremento IPC dec 2008/2009 + 1,5 puntos : 2,3 Incremento acumulado 1,2770.
- Incremento Ipc dec 2009/2010 + 1,5 = 4,5 ; incremento acumulado 1,3345.

$Mt/Mo = 1,2770$ (incremento ipc ata dec 2009) $\times 3/12 + 1,3345$ (incremento ipc ata dec 2010) $\times 9/12 = 1,32$

Gt/Go, utilízase o incremento do coste medio do gasoil no ano de adxudicación 0,694 euros/litro según prego de condicións e, según documentación aportada pola empresa adxudicataria do coste medio do periodo outubro 2009- setembro 2010 (1,0343), ascendendo o incremento a 1,4903.

Rt/Ro, corresponde o incremento do IPC producido entre o mes de finalización do prazo de apertura de proposicións, marzo de 2003, e o mes de revisión, como o prazo do contrato comenza a partir do 1 de outubro, aplicarase o de setembro de 2009, que segundo documentación que se adxunta do INE foi do 18,1%.

O cálculo do coeficiente de revisión polo tanto efectuarase da seguinte forma:

$Kt = 0,48 (1,32) + 0,08 (1,4903) + 0,44 (1,181) = 0,6336 + 0,1192 + 0,5196 = 1,2724$.

Según ó disposto no último apartado da cláusula VII-a) de revisión de prezos, a primeira revisión ordinaria de prezos terá lugar cando transcurra un ano do contrato (o prazo empezase a computar dende o 1 de outubro de 2003, 1ª revisión 1 de outubro de 2004), xa que a revisión do prezo será anual, a sexta revisión será dende o 1 de outubro de 2009.

Por este servizo de contratación informase:

O prezo revisado obteríase da seguinte forma:

$PR = ((1.028.151,95 (prz. Sen amortización e sen ive)) 1,2724 + 631.166,40 (amortización)) = (1.308.220,54 + 631.166,40) \times 1,07 = 2.075.144,03$

euros/ano; 172.928,67 euros/mes, a partir do 1 de outubro de 2009 ata o 30 de xuño de 2010.

$PR = ((1.028.151,95 (prz. Sen amortización e sen ive)) 1,2724 + 631.166,40 (amortización)) = (1.308.220,54 + 631.166,40) \times 1,08 = 2.094.537,90$ euros/ano; 174.544,82 euros/mes, a partir do 1 de xullo de 2010.

CALCULO DE ATRASOS

- de outubro de 2009 a xuño de 2010 (ive 7%)- 9 meses.
172.928,67 prezo actualizado có ive de 7% - 170.086,69 prezo facturado = $2.841,97 \times 9 = 25.577,82$ euros.
- De xullo 2010 a abril 2011 (ive 8%)- 10 meses.
174.544,82 prezo actualizado ive 8% - 171.676,28 prezo facturado ive 8% = $2.868,53 \times 10$ meses= 28.685,35 euros.
- TOTAL ATRASOS: 54.263,17 EUROS.

Polo exposto, proponse, previo informe da Intervención Xeral, a adopción do seguinte A C O R D O

Primeiro.- Aprobar a revisión de prezos, do contrato da concesión administrativa do servizo de contenerización, recollida e transporte de recicladores autorizados dos residuos sólidos urbanos reciclables, adxudicado polo Pleno deste concello en sesión de 1 de agosto de 2003, establecendo o importe a partir do 1 de outubro de 2009 ata o 30 de xuño de 2010, na cantidade de 2.075.144,03 (IVE 7%). O prezo que rexerá a partir do 1 de xulio de 2010, polo cambio do tipo imositivo do ive do 7 ó 8%, será 2.094.537,90 euros/ano (ive 8%).

Segundo.- Recoñecer a empresa en concepto de atrasos dende o 1 de outubro de 2009 a 31 de ABRIL 2011 a cantidade de 54.263,17 euros.

Terceiro.- O gasto da presente proposta poderase imputar a partida 16202270015.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(1165).- DEVOLUCIÓN DE AVAIS:

Examinadas as actuacións dos expedientes, vistos os informes de Intervención Xeral e de acordo cos informes-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 6.10.11, a Xunta de Goberno local acorda:

A) Devolver a CONSTRUCCIONES CRESPO S.A. a fianza de 9.331,89 €, constituída para responder das melloras do saneamento e pavimento na travesía Pino, Fases 1 e 2, xa que as obras foron recibidas mediante acta de 21.05.09 por executarse conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 2005/443.

B) Devolver a COMERCIAL AUTOMOTO S.A. a fianza de 6.440,86 €, constituída para responder da subministración de diversos vehículos, xa que foron recibidos por executarse conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 3729/241.

8(1166).- PROMOCIÓN DE CUALIFICACIÓN COMO ILE (INICIATIVA LOCAL DE EMPREGO) DA EMPRESA “DIVINA’S CAKE S.L.” EXPTE. 8588/77.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 10.10.11, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, a Xunta de Goberno local acorda:

- Promover ante a Consellería de Traballo e Benestar, a cualificación como Iniciativa Local de Emprego do proxecto empresarial denominado “DIVINA’S CAKE, S.L.” sendo necesario para isto a participación municipal, que consistirá no seguinte:

- Apoio pola Servizo de Promoción Económica e Emprego do Concello de Vigo coa elaboración e estudo, por parte dunha técnica do servizo, dun informe económico de viabilidade do proxecto xunto co seu asesoramento na solicitude e información e asesoramento sobre axudas municipais vixentes.
- Cooperación e apoio cara a axilizar os trámites administrativos de competencia municipal para a súa posta en funcionamento.
- Terá preferencia, de acordo coas correspondentes bases reguladoras, na concesión das Axudas Municipais á Creación de Empresas ás que, de ser o caso, opte.
- Terá preferencia, na concesión das Axudas PEIM que, de ser o caso, opte.(ditas bases aprobaronse na comisión de goberno de data 18 de decembro do 2000, sendo modificadas na Xunta de Goberno Local do 14 de marzo do 2011).

9(1167).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA ASISTENCIA A UN SEMINARIO INTERNACIONAL EN TURQUÍA DO ORIENTADOR XOSÉ ALBERTE CEA RODRÍGUEZ, OS DÍAS DO 24 AO 28 DE OUTUBRO. EXPTE. 8555/77.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, do 2.09.11, conformado polo concelleiro delegado de ditos servizos, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar ao orientador laboral Xosé Alberte Cea Rodríguez co DNI: 36.12.723-M a asistencia ao Seminario dentro do Programa EDCCOR denominado “Las organizaciones de educación de adultos y el fortalecimiento de la cooperación del empleador: opciones, soluciones y métodos” organizado pola Empresa FEMXA FORMACIÓN S.L. que se vai a celebrar os vindeiros días 24, 25, 26, 27, 28 de outubro de 2011 en Turquía.

10(1168).- CONTRATACIÓN POR PROCEDIMIENTO ABERTO DOS SERVIZOS DE RECOLLIDA, TRANSPORTE E ENTREGA A XESTOR AUTORIZADO DOS RESIDUOS PROCEDENTES DE CONSTRUCCIÓN E DEMOLICIÓN XERADOS POLO TALLER DO SERVIZO DE VÍAS E OBRAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 947/440.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes xurídicos do 20.09.11 e 26.07.11, o informe de fiscalización do 4.10.11, e de acordo co informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 19.09.11, conformado polo asesor xurídico e polo concelleiro-delegado da Área de Fomento, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares redatado polo enxeñeiro xefe de Vías e Obras, con data 11 de xullo, para á “*contratación da recollida, transporte e entrega a*

xestor autorizado dos residuos procedentes de construcións e demolicións xerados polo taller de Vías e Obras do Concello de Vigo”.

2º.- Aprobar o prego de condicións administrativas particulares, redactado polo xefe do servizo administrativo e control presupostario da Área de Fomento, con data 14 de xullo, para a citada licitación, mediante o procedemento aberto e trámite ordinaria.

3º.- Autorizar o gasto para a contratación deste servizo por un presuposto máximo de licitación de 101.694,92 €, máis o 18% (18.305,08 €) correspondente ao IVE soportado pola Administración Local, o que fai un importe total de 120.000 € (CENTO VINTE MIL EUROS), según o seguinte:

Anualidade 2011:

Importe: 30.000 €, Aplicación orzamentaria: 1550.210.00.00, RC: 14739

Anualidade 2012:

Importe: 90.000 €, Aplicación orzamentaria: 1550.210.00.00

4º.- Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

11(1169).- PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA RÚA NICARAGUA. EXPTE. 2012/443.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 10.10.11, que di o seguinte:

A empresa GALAICONTROL, presenta o proxecto de “HUMANIZACIÓN RÚA NICARAGUA”, redactado pola ENXEÑEIRA DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS, DNA. TRINIDAD LÓPEZ RODRÍGUEZ, cun orzamento base de licitación de DOUS MILLÓNS CINCOCENTOS VINTE E CINCO MIL EUROS (2.525.000 €).

O citado proxecto comprende as seguintes actuacións:

1) Renovación completa dos pavimentos.

En beirarrúas: Base de formigón HM-20 e=10cm, baldosa de granito Gris Alba 60x40, e= 6 cm; disporanse recercados de baldosas de granito Rosa Porriño de 43x40x6cm en cada alcorque.

En calzada e bandas de aparcamento: Fresado e=5cm, e posterior aplicación de rego de adherencia ECR-1 e MBC, AC16 surf 50/70 D, e=5cm.

En accesos a garaxe: Base de formigón en masa HM-20, e=15cm e adoquín de granito Blanco Mera 14x14, e= 10 cm.

Bordos: serán de Granito Blanco Mera, entre calzada e beirarrúa: con bisel de 2x2cm, e de dimensións 20x22 cm; entre calzada e entrada de garaxes; será recto, de dimensións 20x22 cm.

2) Redistribución do espazo.

Entre Marqués de Alcedo e Taboada Leal, manteranse 1 carril de circulación de 3,50m. Aparcamento en batería na marxen esquerda de 4,50m e beirarrúas en ambos os dous lados.

Entre Marqués de Alcedo e a Praza Francisco Fernández del Riego, manteranse 1 carril de circulación de 3,50m, dobre banda de aparcamento en batería na marxen dereita de 4,50m e na marxen esquerda en liña de 2,10m e beirarrúas en ambos os dous lados.

Entre a Praza Francisco Fernández del Riego e Pizarro, mantense un carril de circulación e dobre banda de aparcadoiros en liña, de 2,10m, excepto na proximidade dos semáforos onde se elimina o aparcadoiro para dispor de dous carris de 3,30m que faciliten a saída do tráfico con beirarrúas en ambos os dous lados.

3) Renovación das instalacións de abastecemento, saneamento, iluminación e rego.

Propónse a renovación completa da instalación de abastecemento, retirando ademais os tramos de fibrocemento.

Propónse a renovación completa da instalación de saneamento de fecais e instalar una nova rede de pluviais, dispoñendo así de un sistema separativo.

Propónse a renovación completa da instalación de iluminación, dispoñendo novas farolas con luminarias de baixo consumo. Modelo columna VigoI + lampada Ledgen de 8m y columnas Bailén con farol en leds.

Executárase unha nova rede de rego, para árbores e xardineiras e a renovación do mobiliario urbano.

Á vista do anteriormente exposto, e tendo en conta o informe da Enxeñeira Técnica Municipal Dña. María F. Arlandis Marra, de data 10 de outubro, PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

1.- Aprobar o proxecto redactado pola empresa GALAICONTROL, para a HUMANIZACIÓN RÚA NICARAGUA, cun orzamento base de licitación de DOUS MILLÓNS CINCOCENTOS VINTE E CINCO MIL EUROS (2.525.000 €).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(1170).- PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA RÚA MENÉNDEZ PELAYO. EXPTE. 2013/443.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 10.10.11, que di o seguinte:

A empresa GALAICONTROL, presenta o proxecto de HUMANIZACIÓN RÚA MENÉNDEZ PELAYO, redactado pola ENXEÑEIRA DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS, DÑA. TRINIDAD LÓPEZ RODRÍGUEZ, cun orzamento base de licitación de DOUS MILLÓNS CATROCENROS SETENTA E CINCO MIL EUROS (2.475.000,00 €).

O citado proxecto comprende as seguintes actuacións:

1) Renovación completa dos pavimentos.

En beirarrúas: Base de formigón HM-20 e=10cm, baldosa de granito Gris Alba 60x40, e= 6 cm; disporanse recercados de baldosas de granito Rosa Porriño de 43x40x6cm en cada alcorque.

En calzada e bandas de aparcamento: Fresado e=5cm, e posterior aplicación de rego de adherencia ECR-1 e MBC, AC16 surf 50/70 D, e=5cm.

En accesos a garaxe: Base de formigón en masa HM-20, e=15cm e adoquín de granito Blanco Mera 14x14, e= 10 cm.

Bordos: serán de Granito Blanco Mera, entre calzada e beirarrúa: con bisel de 2x2cm, e de dimensións 20x22 cm; entre calzada e entrada de garaxes; será recto, de dimensións 20x22 cm.

2) Redistribución do espazo.

Manterase o único carril de circulación existente, dispoñendo unha única zona de aparcadoiro no lado dereito no sentido de circulación. As dimensións do carril de circulación son de 3,5 metros, excepto no tramo entre as rúas Dr. Marañón e Don Quixote, que será de 3,30 m. O aparcadoiro terá un ancho de 2,10 metros.

No primeiro tramo da rúa, disporanse amplas zonas verdes.

3) Renovación das instalacións de iluminación, abastecemento, saneamento e rego.

Propónse a renovación completa da instalación de iluminación. Colocación de luminarias palacio de leds (35 W) sobre columnas fernandinas de fundición. Ademais renovaranse as conducións e cableados. Nos pasos de peóns, disporase alumado de reforzo.

Proxéctase renovar as conducións de abastecemento de auga existentes debido o seu estado, por unha nova en fundición dúctil de diámetros 100 e 150 mm. Disporanse novos sumidoiros para a recollida das augas de drenaxe, para adaptarse á nova aliñación das beirarrúas proxectadas.

Proxéctase unha nova rede de recollida de augas pluviais, así coma a renovación da actual rede de augas fecais. Para elo utilizarase tubería de PVC con diámetros de 315 e 400 mm.

Ademais executárase unha nova rede de rego, para árbores e xardineiras e a renovación do mobiliario urbano.

Á vista do anteriormente exposto, e tendo en conta o informe da Enxeñeira Técnica Municipal Dña. María F. Arlandis Marra, de data 10 de outubro, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

1.- Aprobar o proxecto redactado pola empresa GALAICONTROL, para a HUMANIZACIÓN RÚA MENÉNDEZ PELAYO, cun orzamento base de licitación de DOUS MILLÓNS CATROCEN-TROS SETENTA E CINCO MIL EUROS (2.475.000,00 €).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(1171).- PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA RÚA DOUTOR MARAÑÓN. EXPTE. 2014/443.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 10.10.11, que di o seguinte:

A empresa SOLTEC INGENIEROS, S.L., presenta o proxecto de “HUMANIZACIÓN RÚA DOUTOR MARAÑÓN”, redactado polo ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS, D. JAVIER ZUBÍA, cun orzamento base de licitación de OITOCENTOS SEIS MIL NOVECENTOS NOVENTA E NOVE EUROS CON NOVENTA E NOVE CÉNTIMOS (806.999,99 €).

O proxecto recolle as obras precisas para a renovación dos elementos de pavimentación e mobiliario, con especial atención ás zonas das beirarrúas, mellorando a eficiencia enerxética da iluminación pública e actualizando e modernizando o trazado viario existente, e así potenciar a protección do peón.

As obras a executar consisten nas seguintes:

- Executarase un cambio de firmes nas beirarrúas, pasos de peóns e cambio de bordillos así como a incorporación de pavimento nas zonas de vaos e acceso de garaxes.*
- Renovación da rede de abastecemento existente e mallado da rede mediante a instalación de canalización no tramo dende Camelias n.º 76 ata Menéndez Pelayo n.º 33 A.*
- Renovación da rede de saneamento existente de canalización de formigón en mal estado.*
- Separación da rede de saneamento, en rede de pluviais e residuais. Aproveitando a recollida de auga da chuva en depósito de auga enterrado baixo a beirarrúa da praza situada no cruzamento de Dr. Marañón con Menéndez Pelayo, para a súa utilización posterior como auga de rego do axardinamento da devandita praza.*
- Incorporaránse novas luminarias con grupo óptico LED de 35 W., para as columnas Ros modelo "Bailen CRA-301" h=4,15m cun farol Salvi e columna Ros modelo "Bailen CRA-302" h=4,36 m, penacho RM-20 e dous brazos BRA-340, con dous farois Salvi.*
- Coa incorporación destas novas lámpadas de consumo axustado e de elevado rendemento, conseguirase un maior aforro e eficiencia enerxética, á vez que unha diminución da contaminación lumínica.*
- Situación de novo mobiliario urbano, papeleiras, bancos, zonas axardinadas.*
- Instalación de rego: Incorporarase para as zonas axardinadas instalación de rego localizado e independente con sistema de rego por goteo.*
- Incorporación de nova sinalización vertical, así como novo marcado do vial, con delimitación de zonas de aparcadoiro, carga e descarga, pasos de peóns, etc.*

- *Actuacións complementarias: Complementariamente ás actuacións anteriormente descritas levarase a cabo as correspondentes obras de infraestruturas viarias tales como a adecuación de pasos de peóns, eliminación de barreiras arquitectónicas, mellora e remodelación de espazos de uso público, etc. co obxecto de obter unha óptima mobilidade urbana.*
- *Axardinamento na praza creada na zona do cruzamento, con colocación de marquesina con paneis solares fotovoltaicos. Búscase facer unha praza autosuficiente.*

Á vista do anteriormente exposto, e tendo en conta o informe da Enxeñeira Técnica Municipal Dna. María F. Arlandis Marra, de data 10 de outubro, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

1.- Aprobar o proxecto redactado pola empresa SOLTEC INGENIEROS, S.L., para a HUMANIZACIÓN RÚA DOUTOR MARAÑÓN, cun orzamento base de licitación de OITOCENTOS SEIS MIL NOVECENTOS NOVENTA E NOVE EUROS CON NOVENTA E NOVE CÉNTIMOS (806.999,99 €).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(1172).- PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE REFORMA DE LOCAL EN PLANTA BAIXA PARA ESCOLA INFANTIL EN LAVADORES, RAMÓN NIETO Nº 302. EXPTE. 2015/443.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 10.10.11, que di o seguinte:

O Arquitecto D. FERNANDO J. MARTÍNEZ LAMAS, presenta o proxecto “BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE REFORMA DE LOCAL EN PLANTA BAIXA PARA ESCOLA INFANTIL EN LAVADORES. RAMÓN NIETO, 302, cun orzamento base de licitación de TRESCENTOS CORENTA E NOVE MIL NOVECENTOS NOVENTA E NOVE EUROS CON NOVENTA E NOVE CÉNTIMOS (349.999,99 €).

O presente proxecto consiste na reforma interior dun local en planta baixa para uso de Escola Infantil de 0 a 3 anos, situado na parcela sinalada co nº 302 da Avda. Ramón Nieto, do Barrio de Lavadores, no termo municipal de Vigo, provincia de Pontevedra.

O acceso peonil é dende a rúa Ramón Nieto a través da parcela propiedade da Asociación de veciños do Barrio de Lavadores. Dada a diferenza de cota de -4 mts. en relación á cota de acceso a parcela dende a Rúa Ramón Nieto, achégase un ascensor exterior que salva a mencionada diferenza de cota con estrutura autoportante e cabina con capacidade para 8 persoas, adaptada para uso de minusválidos. Na zona posterior (pista deportiva) sitúase unha escaleira existente que dá acceso á parcela, redeseñase o desenvolvemento desta dimensionando pegadas e contrapegadas e achegando un descanso intermedio, para mellorar a accesibilidade. Colocarase cristal blindado en toda a zona de acceso ata a escaleiras posteriores, para salvar o defecto de medida en balaustrada existente entre desniveis.

Acondiciónase a superficie exterior para zona de xogos infantís e zona verde. A planta baixa do edificio destinarase exclusivamente para uso de escola infantil, e contará cun corredor/distribuidor central arredor do cal se distribúen as seguintes dependencias:

- Aula de 2/3 anos co seu correspondente cuarto de aseo, superficie útil 35.19 m2.
- Aula de 1/2 anos tamén con cuarto de aseo, superficie útil 37.67 m2
- Aula de 0/1 anos cun cuarto de aseo, superficie útil 33.34 m2
- Sala de usos múltiples, superficie útil 36.06 m2
- Cociña para preparación de alimentos, superficie útil 13.03 m2
- Sala de profesores, superficie útil 16.15 m2
- Despacho de dirección, superficie útil 8.26 m2
- Aseo de profesores, superficie útil 4.68 m2
- Vestiario, superficie útil 6.09 m2
- Almacén, superficie útil 4.79 m2
- Cuarto de caldeira e silo de almacenamento de pellets, superficie útil 10.36 m2
- Corredor/Distribuidor, dende o que se accede ao resto de dependencias, superficie útil 43.79 m2.
- Un patio do que toman luz as aulas 0/1 e 0/2, superficie útil 13.58 m2

A superficie útil total é de 262,99 m2 e a construída total de 314,48 m2.

Á vista do anteriormente exposto, e tendo en conta o informe da Enxeñeira Técnica Municipal Dna. María F. Arlandis Marra, de data 10 de outubro, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

1.- Aprobar o proxecto redactado polo Arquitecto D. FERNANDO J. MARTÍNEZ LAMAS, para o proxecto **BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE REFORMA DE LOCAL EN PLANTA BAIXA PARA ESCOLA INFANTIL EN LAVADORES. RAMÓN NIETO, 302**, cun orzamento base de licitación de **TRESCENTOS CORENTA E NOVE MIL NOVECENTOS NOVENTA E NOVE EUROS CON NOVENTA E NOVE CÉNTIMOS (349.999,99 €)**.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(1173).- PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA RÚA ARAGÓN. FASE II. EXPTE. 2017/443.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 10.10.11, que di o seguinte:

A empresa VILAR MONTORO INGENIERÍA, presenta o proxecto de “HUMANIZACIÓN RÚA ARAGÓN. FASE 2”, redactado polo ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS, D. JUAN V. ALBÍN ÑÍGUEZ e o ENXEÑEIRO T. DE OBRAS PÚBLICAS, D. LUIS V. VILAR MONTORO, cun orzamento base de licitación de DOUS MILLÓN CINCOCENTOS MIL EUROS (2.500.000,00 €).

As obras definidas no presente proxecto comprende o ámbito de actuación na rúa Aragón pertencente o Concello de Vigo. O proxecto non abarca a rúa na súa totalidade, sendo a súa lonxitude total de 1.305 m. O ámbito de actuación comprende unha lonxitude de 604 metros, comezando no nº 22 ata o nº 114. Na intersección con a rúa do Padre Celso deséñase unha glorieta resolvendo a rotonda actual.

A rúa Aragón, xa tivo unha primeira fase que engloba a marxe par dende o nº 22 ata o nº 80. O presente proxecto pretende dar continuidade tanto en materiais como en forma a esta primeira fase.

O proxecto contempla a substitución do pavimento das beirarrúas existente de baldosa hidráulica, por uns 8.700m² de pavimento de lousas de pedra de granito de dimensións 40x40x4 cm gris alba e bordillo de granito branco mera. Este pavimento colocarase sobre unha capa de zahorras artificiais de 20 cm de espesor e unha capa de formigón HM-20 de 10 cm de espesor. Habilitaranse zonas de aparcadoiro substituíndose o pavimento de aglomerado. As entradas de carruaxes adecuaranse substituíndose por pavimento de adoquín de granito de dimensións 14x14x10 branco mera.

Os puntos de luz existentes debido o seu estado e antigüidade serán substituídos por puntos de luz máis eficientes e actuais formados por columna MAGNA de altura 11.5 metros con dous luminarias Enur V de 150 de VSAP en mediana cunha interdistancia de 38 m. Procederase a instalar unhas torres de iluminación de 12 m de altura na nova glorieta proxectada na intersección con a rúa Padre Celso. Executarase tamén unha nova canalización de alumeado mediante a colocación de tubaxe de PE corrugado de 110 xunto a instalación dun cadro de mando.

Construiranse orellas nas esquinas coas rúas a modo de incrementar a protección do peón fronte o vehículo que circula pola calzada e co que aparca, separando fisicamente os espazos. Ademais executarase en cada paso de peóns un refuxio con pavimento de pedra de granito vermello Altamira ranurado para facilitar a accesibilidade o medio físico de persoas con minusvalía. As mencionadas orellas e refuxios obrigarán a desprazar os semáforos existentes.

Executaranse tamén unha mediana de 1.60 m de ancho, axardinada e trasladándose as farolas a ésta.

Tamén procederase a renovación da rede de saneamento unitaria, executándose unha canalización de 500 mm de PVC SN8 por cada unha das beirarrúas.

A canalización de abastecemento de auga potable cambiarase na totalidade, por unha tubaxe de fundición de 150 mm de diámetro, colocaranse bocas de rego e hidrantes.

Finalmente na calzada procederase a realizar un fresado duns 7 cm de espesor nunha superficie de 6.798 m² para posteriormente estender unha capa de aglomerado asfáltico AC 16 de outros 7 cm.

Á vista do anteriormente exposto, e tendo en conta o informe da Enxeñeira Técnica Municipal Dna. María F. Arlandis Marra, de data 10 de outubro, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

1.- Aprobar o proxecto redactado pola empresa VILAR MONTORO INGENIERÍA para a HUMANIZACIÓN RÚA ARAGÓN. FASE II, cun orzamento base de licitación de DOUS MILLÓNS CINCOCENTOS MIL EUROS (2.500.000,00 €).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(1174).- PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA RÚA MARTÍNEZ GARRIDO. FASE II. EXPTE. 2016/443.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 10.10.11, que di o seguinte:

A empresa G.O.C., presenta o proxecto de "HUMANIZACIÓN RÚA MARTÍNEZ GARRIDO. FASE II", redactado polo ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS, D. JOSÉ A. FERNÁNDEZ AGUILERA, cun orzamento base de licitación de DOUS MILLÓNS CINCOCENTOS MIL EUROS (2.500.000,00 €).

O "Proxecto de Humanización rúa Martínez Garrido. Fase II" comprende a actuación da beirarrúa par da rúa dende o cruzamento coa rúa Urzáiz polo norte, ata o cruzamento co Camiño Meideiros, polo sur. Na confluencia da rúa Martínez Garrido coas rúas Pateira e Sagunto proponse a creación dunha glorieta, polo que se intervirá tamén en pequenas marxes da beirarrúa impar da rúa Martínez Garrido para facilitar os accesos á devandita glorieta. Ademais ao longo de toda a lonxitude da rúa proxéctase a creación dunha mediana (1.143 m aproximadamente), que divida a calzada nos dous sentidos de circulación. A actuación na beirarrúa par comprende aproximadamente dende Urzáiz ata glorieta uns 490 m e dende a glorieta ata o Camiño Mideiros uns 250 m, un total duns 740 m aproximadamente.

A continuación descríbense as actuacións que contempla o proxecto:

Pavimentos: As beirarrúas resólvense mediante baldosa granítica gris-alba moreno flamexado, de 40x 40x6 cm, delimitando a liña de bordo coa zona de rodadura mediante bordo, tamén granítica branco mera de dimensións 15x25 cm. As zonas de saída de carruaxes resólvense por medio de superficie adoquinada con pezas de granito de dimensións 14x14x10 cm. Entre beirarrúas e vaos de paso de carruaxes, colócase un encintado de granito branco mera flamexado de 15x20 cm. As bandas de pavimento que partindo dos alcorques se proxectan cara á fachada realizaranse con pavimento diferenciado de baldosas flamexadas de granito rosa porriño de 40x40x6 cm. Os vaos peonís serán de baldosas flamexadas vermello Altamira con superficie ranurada e de botóns.

Contémplase no presente proxecto na zona da glorieta e accesos o levantamento de firme e a reposición cun novo paquete de firmes. No resto da calzada proponse un fresado e extensión de nova capa de rodadura.

Abastecemento: Proxéctase a substitución da canalización de fibrocemento existente de 300 mm por unha nova de fundición do mesmo diámetro e a renovación de acometidas e a dotación das bocas de rego cada 50 metros.

Rego: A rede de rego divídese en varios sectores, sendo ademais independente o rego para arboledo do das xardineiras proxectadas. O sistema de rego será automático por goteo con canalizacións de polietileno de 32 e 16 mm. Dotarase de rego tamén a xardineira en mediana e rotonda proxectada.

Saneamento: Considérase a renovación completa da rede existente. Na beirarrúa par da rúa renovanse os colectores existentes de 500 e 600 mm por uns novos de PVC, colocaranse novos pozos, substituiranse todas as acometidas que non estean en aceptables condicións. Proponse cos novos colectores a instalación dunha rede separativa para pluviais e renovación dos sumidoiros.

Iluminación: Proponse a iluminación a través de luminarias colocados na nova mediana proxectada. Colocarase ao longo de toda a mediana cada 30 m columnas troncocónicas de aceiro de 10 metros con punta en lanza de 1 m e con dobre luminaria Philips, con dous Brazos Iridum de 1,5 m. con luminaria Módena 150 W VSAP a 10 m cara a ambos os dous lados da calzada. No extremo máis norte da rúa, entre Urzáiz e a Rúa Palencia encontrámonos coas ramplas de saída do paso inferior que vén de Jenaro de la Fuente, polo que nesta zona non se proxecta mediana e a iluminación se realizará con columnas troncocónicas de aceiro de 10 metros con dobre luminaria Philips, que se trasladarán das recentemente colocadas na Fase I executada na beirarrúa impar. Ademais proxéctase a instalación de puntos de luz nos pasos de peóns do tipo Carnadini, con base de fundición e fuste inox, con proxectores de haloxenuros TST/PP de 150 W. A zona de influencia da glorieta ilumínase coa colocación dunha columna Múltiple de 12 m de Carandini con 5 proxectores do tipo Tango VSAP 250 W de Carandini.

Rede semafórica: Proxéctase unha nova canalización para semaforización que discorrerá baixo a beirarrúa, un novo paso de peóns semaforizado á altura dos números 1 e 2 da rúa xunto ao cruzamento coa Avenida Ramón Nieto. Ademais, debido á gran distancia existente entre os pasos de peóns situados xunto á Rúa Burgos e Pateira, proxéctase un novo paso semaforizado xunto ao cruzamento coa Rúa Valladolid. Coa implantación da nova glorieta eliminaranse os semáforos da rúa Pateira e Sagunto

Mobiliario Urbano e Xardineiras: Incluirá papeleiras, colectores, bancos, varandas, xardineiras e arboledo. Proxéctase unha xardineira no illote do cruzamento coa rúa Pateira e coa Rúa Valladolid. Implantarase como elemento singular a colocación dunha nova pérgola de perfís de aceiro inox, dotada de 3 paneis solares, que supón unha novidade de deseño e ao mesmo tempo un elemento de aforro enerxético e mellora ambiental.

Á vista do anteriormente exposto, e tendo en conta o informe da Enxeñeira Técnica Municipal Dna. María F. Arlandis Marra, de data 10 de outubro, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

1.- Aprobar o proxecto redactado pola empresa G.O.C., para a HUMANIZACIÓN RÚA MARTÍNEZ GARRIDO. FASE II, cun orzamento base de licitación de DOUS MILLÓNS CINCOCENTOS MIL EUROS (2.500.000,00 €).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(1175).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE DURANTE O MES DE SETEMBRO DE 2011. EXPTE. 8021/306.

Mediante resolución de data 5.10.11, en cumprimento do establecido na base 31ª das normas xerais de de execución do orzamento de gastos do Concello de Vigo, a concelleira delegada de Medio Ambiente, Igualdade e Xuventude, dá conta á Xunta de Goberno local da relación de expediente de contratación tramitados polo réxime de gasto menor no servizo de Medio Ambiente, autorizados pola concelleira delegada de Medio Ambiente, Sanidade e consumo no mes de setembro de 2011, que son os seguintes:

Expte.	Partida	Tipo	Asunto	Adxudicatario	Data Decreto	Data RC	Importe
7571/306	1720.610.00.00	CMOBR	Acondicionamento e mellora de miradoiros e accesos no humidal de A Bouza	Visercons, SL	31/08/2011	06/09/2011	54.333,87 €
8002/306	1720.227.99.08	CMSER	Xestión do monitoraxe no roteiro panorámico de Vigo GR53	Xoma Iniciativas Sociais, SL	20/09/2011	21/09/2011	5.000,00 €
8005/306	1720.227.99.08	CMSER	Contratación do transporte terrestre na Ruta da Auga	Autna, SL	27/09/2011	29/09/2011	4.568,40 €

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

18(1176).- DEVOLUCIÓN DE AVAIS:

A) DICONSA. EXPTE. 81238/210.

De acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Transportes, do 3.10.11, conformado polo concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 28 de febreiro de 2011 por DICONSA, S.A. con NIF A-15246184, por un importe de 36.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra no Consorcio Casco Vello, por non producirse danos.

B) ASOCIACIÓN MOTOLAGARTOS DE VIGO. EXPTE. 81236/210.

De acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Transportes, do 3.10.11, conformado polo concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 08 de xullo de 2011 por parte da ASOCIACION MOTOLAGARTOS DE VIGO, con CIF 39450772-E, por un importe de 2.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo do evento no Campo de Fútbol de Beade, por non producirse danos.

C) NOEMI RUMBO VIDAL “FEIRA DOS CONTINENTES”. EXPTE. 79765/210.

De acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Transportes, do 3.10.11, conformado polo concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 14 de febreiro de 2011 por parte de NOEMI RUMBO VIDAL, representante da Feira dos Continentes con NIF 36112242B, por un importe de 4.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da instalación de carpas na Praza de Compostela, por non producirse danos.

D) CONSTRUCCIONES GOMPRES S.A. EXPTE. 81239/210.

De acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Transportes, do 3.10.11, conformado polo concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 11 de agosto de 2011 por CONSTRUCCIONES GOMPRES S.A., con NIF B-36786358, por un importe de 3.300 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa MARQUES DE VALLADARES, por non producirse danos.

E) COMISIÓN DE FESTAS VIRXE DOS AFRIXIDOS DE ZAMÁNS. EXPTE. 81248/210.

De acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Transportes, do 3.10.11, conformado polo concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos de Intervención Municipal, se proceda á devolución da citada devolución de fianza en metálico achegada en data 26/08/11 pola Comisión de Festas Virxe dos Afrixidos de Zamáns CIF G 36790228, por un importe de 2000 € para responder dos posibles danos con motivo da celebración das festas na honra da Virxe dos Afrixidos de Zamáns os días 3,4,5 de setembro en Zamáns, por non producirse danos na vía pública.

19(1177).- RECTIFICACIÓN DO ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL DO 16.09.11 SOBRE DEVOLUCIÓN DE AVAL Á ASOCIACIÓN DE FESTAS PATRONAIS DE SAN SALVADOR DE CORUXO. EXPTE. 81011/210.

Dáse conta da dilixencia asinada polo xefe da Área de Mobilidade, Transporte e Seguridade, de data 11.10.11, que di o seguinte:

Téndose detectado un erro no Acordo da Xunta de Goberno Local, de data 16 de setembro actual, expte.81011-210, relativo á data do informe e outros datos, remítase á Secretaría do Goberno Local para que, previa comprobación, se proceda, de conformidade co disposto no art.105.2 da lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, que faculta ás administracións públicas a rectificar en calquera momento, de oficio, os erros existentes nos seus actos, consistente en:

“Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe proposta do xefe de área de mobilidade, transporte e seguridade , do 23.08.11 a xunta de Goberno local acorda.:Que polos servizo de intervención municipal se proceda á devolución da citada devolución de aval achegado en data 14/04/2011 pola casa de Andalucía CIF G 36621290 por un importe de 1000 € para responder dos posibles danos con motivo da celebración da XXIII Feira de Abril os días 19 ao 22 de maio do ano que andamos no aparcadoiro de Samil, por non producirse danos na vía pública..... debe dicir:

Conforme aos datos obrantes no expediente: “Que polos servizos de Intervención municipal se proceda a devolución do aval achegado en dta 01/07/2011 pola Asociación de Festas Patronais de San Salvador de Coruxo, co CIF G:27749183, por un importe de 2000 € para responder dos posibles danos con motivo da celebración das festas patronais de san Salvador de Coruxo os pasados días 5,6,7 de agosto de 2011 por non producirse danos na vía pública.

Acordo

A Xunta de Goberno local rectifica o acordo de data 16.09.11 nos termos anteriormente expostos, quedando redactado do seguinte xeito:

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Área de Mobilidade, Transporte e Seguridade, do 23.08.11, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos de Intervención municipal se proceda a devolución do aval achegado en dta 01/07/2011 pola Asociación de Festas Patronais de San Salvador de Coruxo, co CIF G:27749183, por un importe de 2000 € para responder dos posibles danos con motivo da celebración das festas patronais de san Salvador de Coruxo os pasados días 5,6,7 de agosto de 2011 por non producirse danos na vía pública.

20(1178).- RECURSO DE REPOSICIÓN DA COMUNIDADE DE MONTES EN MAN COMÚN DE TEIS CONTRA ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 14.06.2010, SOBRE REVERSIÓN DE TERREOS EXPROPIADOS PARA EXECUCIÓN DO PROXECTO EDAR DO ZOO LÓXICO DE VIGO. EXPTE. 57888/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Patrimonio, do 28.09.1, conformado pola xefa de Área de Réxime Interior e pola concelleira delegada de Patrimonio, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- I. L 7 /1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de RÉxime Local (LRBRL).
- II. L 33/2003 de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas (LPAAPP).
- III. L 16 de diciembre de 1954, de Expropiación Forzosa (LEF).
- IV. L 30/2007 de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- V. D 26 de abril de 1957, do Regulamento de Expropiación Forzosa (REF).

ANTECEDENTES DE FEITO:

PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno Local en sesión do 14 de xuño do 2010 acordou: “Desestimar a solicitude da Comunidade de Montes veciñais en Man Común de Teis de reversión dos terreos expropiados para a execución do proxecto de EDAR das instalacións do Zoo de Vigo ao non concorrir causa legal que a lexitime consonte a normativa vixente.”

Acordo que lle foi notificado ao interesado en data 23 de xullo do 2010.

SEGUNDO.- D. Eduardo Garcia Crespo, na súa condición de Presidente da Comunidade de Montes Veciñais en Man Comun de Teis, formula mediante escrito con entrada no rexistro xeral deste concello en data 23 de agosto do 2010, recurso de alzada contra o acordo adoptado solicitando a súa nulidade ao non estar destinados os terreos expropiados no seu día a dita Comunidade de Montes ó fin público que motivou súa expropiación, procedendo se acorde o dereito de reversións instado pola mesma.

TERCEIRO.- Dado traslado do recurso formulado á entidade concesionaria do servizo público municipal de abastecemento e saneamento de auga no Concello de Vigo, emítase informe en data 12 de agosto do 2011 pola UTE Aqualia afirmando que as instalacións da antiga depuradora seguen destinándose aos mesmos fins que motivou o convenio expropiatorio polo que os terreos nos que se ubican destínanse aos usos para que foron expropiados, non procedendo a reversión solicitada.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- A primeira cuestión é analizar se o recurso formulado contra o acto administrativo ditado reúne os presupostos legais esixidos na LRXAP e PAC para súa admisión a trámite. Neste senso o recorrente califica o seu escrito como un recurso de alzada, e polo tanto interposto ante o órgano superior xerárquico do que o ditou (art. 114 da LRXAP e PAC), calificación que cabe considerar errónea ao non ser revisables en alzada os acordos adoptados por dito órgano, procedéndose nembargantes, en atención ao previsto no art. 110.2 da mentada lei procedimental, a súa tramitación, no presente caso, como recurso potestativo de reposición ao concorrir os presupostos legais establecidos nos arts. 116 e 117 da LRXAP e PAC.

SEGUNDO.- O recurso de reposición é un medio de impugnación de determinados actos de trámite e resolucións administrativas a disposición dos administrados. Dada a natureza revisora dos recursos administrativos, é requisito imprescindible para poder interpoñer este recurso que estes actos ou resolucións incorran en determinadas irregularidades. En concreto, a lei esixe que se dé algún dos motivos de nulidade ou anulabilidade regulamentados nos artigos 62 e 63 LRJAP (artigo 107 LRJAP). No caso que estamos examinando ningunha destas alegacións ten virtualidade suficiente para desvirtuar a resolución que se recorre, non observando que conorra ningunha das causas de nulidade ou anulabilidade da LRXAP E PAC, como así se esixe no art. 107 do citado texto legal.

TERCEIRO.- A entidade comunal interesada, no recurso presentado, centra a súa argumentación na falta de utilidade da instalación depuradora reiterando o xa exposto na instrucción do procedemento, para entender que se cumpren os requisitos establecidos na normativa vixente en materia expropiatoria para estimar o seu dereito a reversión dos terreos pola desaparición da causa expropiandi.

Conseguentemente, limítase a incidir en cuestións que constan na instrucción do expediente, xa informadas e resoltas no acordo adoptado pola Xunta de Goberno local. Neste senso, a empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento e saneamento de augas no seu informe do pasado 12/08/2011 emitido ó recurso formulado, ratifícase no xa informado con anterioridade sobre o vencellamento das instalacións aos mesmos fins que motivaron o convenio expropiatorio, concluíndo coa improcedencia da reversión dos terreos solicitada.

Mantendose polo tanto as mesmas circunstancias que determinaron no seu día a desestimación da reversión interesada ó non apreciarse a concorrencia de ningún dos presupostos fácticos previstos no art. 54 da LEF que poidera lexitimar o exercicio de dito dereito polo expropiado, debe rexeitarse o recurso presentado en base a mesma fundamentación que motivou o acordo recorrido (...) non terse producida a desafectación alegada, manténdose na actualidade a afectación dos terreos expropiados ao servizo público de abastecemento e saneamento da auga ao que resultaron vencellados coa expropiación, e sen que o feito de que as instalacións da depuradora orixinal foran readaptadas supoña en modo algun a desafectación á dito servizo público(FD cuarto).

CUARTO.- Resulta competente a Xunta de Goberno Local para a resolución do recurso formulado contra o seu acordo de data 14 de xuño do 2010, de conformidade co disposto no art. 116 da L.30/92 de RXAP e PAC.

En mérito ao exposto, proponse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“UNICO. Desestimar o recurso de reposición interposto por D. Eduardo Garcia Crespo, na súa condición de Presidente da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Teis, contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 14 de xuño do 2010 ao non resultar desvirtuados, polos razónamentos expostos nos antecedentes do presente, os fundamentos xurídicos que motivaron a súa adopción.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(1179).- PREGOS DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS E TÉCNICAS QUE REXERÁN A CONCESIÓN ADMINISTRATIVA PARA O APROVEITAMENTO PRIVATIVO DO INMOBLE “CAFETERÍA-MIRADOR DO CASTRO” NO PARQUE DO CASTRO. EXPTE. 18694/240.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico, do 21.07.11, o informe de fiscalización, do 13.09.11, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Patrimonio, do 30.09.11, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e pola concelleira delegada de Patrimonio, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar inicialmente o Prego de clausulas administrativas e técnicas de data 29 de setembro do 2011, obrante no expediente, que rexera a concesión administrativa para o aproveitamento privativo do dominio público municipal mediante a a instalación e explotación dun ser-

vizo de café-bar, cafetería ou restauración, da edificación coñecida como “CAFETERIA-MIRADOR DO CASTRO” sito no Paseo Rosalia de Castro do Parque O Castro”.

2º.- Someter a información pública, polo prazo e procedemento regulamentario, o presente prego de cláusulas administrativas e técnicas, entendéndose definitivamente aprobado de non formularse alegacións o mesmo durante dito periodo de información .

3º.- Abri-lo procedemento de licitación na forma legalmente prevista mediante a inserción de anuncios no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e o Diario Oficial de Galicia, unha vez acadada a aprobación definitiva do prego de cláusulas administrativas particulares.

22(1180).- OPERACIÓN XURÍDICA COMPLEMENTARIA DO PROXECTO DE COMPENSACIÓN DO POLÍGONO 6 DO PEPRI DE BOUZAS. EXPTE. 5030/401.

Dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, de data 4.10.11, conformado polo director da Área de Planeamento e Xestión, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- O 27.06.2011, tivo entrada no Rexistro da Xerencia Municipal de Urbanismo (DOC. 110093143), un escrito da Xunta de Compensación do Polígono 6 do PEPRI de Bouzas, no que indica que o Rexistro da Propiedade n.º 3 de Vigo require certas aclaracións para a inscrición do Proxecto de Compensación do referido Polígono, e acompaña copia certificada da acta da sesión da Asemblea Xeral celebrada o 20.06.2011, na que se acordan as adaptacións precisas do Proxecto de Compensación, e o documento das modificacións operadas, redactado por “JASC ARQUITECTOS, S.L.”, asinado en xuño de 2011 polos arquitectos J. Cordeiro Rodríguez, A. Davila Alonso, E. Filgueira García, C. Jiménez López, L. Meijide Rico, e o avogado G. Gallego Pérez.

II.- O 09.08.2011, a Arquitecta Xefa de Barrios Históricos informa o seguinte:

“ANTECEDENTES

Por acuerdo del 30.09.02 el Pleno del Concello de Vigo dio aprobación definitiva al Plan Especial de Protección y Reforma interior del Casco Historico de Bouzas (Expte 5826/411).

Consta en el Expediente aprobación de la Constitución de la Xunta de Compensación del poligono VI de Bouzas, formalizada por escritura pública de 21.12.05 autorizada por el Notario don José Maria Rueda Pérez 8 protocolo número 2828) . la citada entidad urbanística colaboradora está inscrita en el Registro de entidades de tal naturaleza de la Consellería de Política Territorial, obras Públicas y Transportes.

El 30.11.07 don Daniel Vázquez Ferro, como presidente de la Xunta de Compensación presento solicitud de tramitación de proyecto de compensación, presentando diversa documentación.

Acto seguido se procedio a la notificación individualizada de cada uno de los propietarios y la publicación de la exposición pública en el Boletín Oficial de la Provincia de Pontevedra (Nº7, Xoves, 10 de xaneiro de 2008).

Consta en el expediente certificado del Secretario de la Xerencia Municipal de Urbanismo en la que se constata la presentación de dos escritos:

4. Documento número 80005313 presentado por la Xunta de Compensación del polígono 6 del PEPRI de Bouzas.

5. Documento número 80008795 presentado por don Antonio Nieto López.

La Xunta de Gobierno Local, en su sesión ordinaria del 7 de abril de 2008, adopto el siguiente acuerdo: “ Aprobar definitivamente o proxecto de compensación do polígono 6 do PEPRI de Bouzas. Tomar razón da documentación presentada pola Xunta de Compensación. Desestimar a alegación presentada por don Antonio Nieto López (doc 80008795, data de presentación 6.02.08).

Los técnicos de la Junta de Compensación y su directiva, en cumplimiento de los acuerdos adoptados en la última Asamblea General de 27 de julio de 2010, han procedido a realizar los tramites obligados para la inscripción del Proyecto de Compensación aprobado, en el Registro de la Propiedad, ello ha supuesto dar cumplimiento a aquellos cambios y ajustes del Proyecto, que han sido notificados como obligados para su inscripción, aprobándose dichas modificaciones en Asamblea General de la Junta de Compensación del Polígono Nº 6 del PEPRI de Bouzas, celebrada el día 20 de junio de 2011.

INFORME :

Las subsanaciones del Proyecto de Compensación, solicitadas por el Registro de la Propiedad, consistente en:

– Las fincas de “ Proarines 7, SI”, se HIPOTECARON con posterioridad a la nota de iniciación del Proyecto, con lo que se CANCELARAN las hipotecas si no se hace constar su existencia en el Proyecto- Se hace constar.

– Las parcelas 8 y 9 varían su superficie y un lindero fijo- callejón y camino, respectivamente, que desaparecen- Se modifica, extinción de la servidumbre.

– Revisar lindero Sur de la parcela 8- Se incluye la referencia a la parcela 25

– Parcela 14: no determina la titularidad- privativa o ganancial- de la finca. La adjudicación en pago de la misma en el sólido 3 no tiene en cuenta la parte ganancial, adjudican únicamente a la esposa. Corregir en esta parcela y la adjudicación en el sólido 3- Se aclara la titularidad.

– Parcela 16: Se halla inscrita la mitad indivisa de la finca. Con la documentación adjunta- necesariamente habrán de aportarse originales- se inmatricularia la mitad no inscrita pero no permite la reanudación de tracto, lo que se soluciona con aca notoriedad para reanudación de tracto según artículo 9 del RD 1093/97. Inclusión Acta de notoriedad.

– Parcela 17: aportar documentos originales con aprobación de Comunidad y descripción del resto. Inclusión de Descripción.

– Parcela 20: Aprobación de Comunidad, descripción de resto- Inclusión descripción.

– Parcela 21: Corregir en descripción y parcela 21. Superficie 110 m2. Aprobación de Comunidad. Descripción do resto. La finca 60020 se halla inscrita a favor de Proarines en cuanto a un 29,16 % y a favor de los cuatro hermanos Gestoso Alvarez; José Antonio en cuanto a un 25% y los demas en cuanto a un 15,28 % cada uno, con lo que no coinciden las titularidades. Se incluye aclaración sobre la segregación.

– Parcela 22: No se describe la parte aportada, ni el resto. Los acreedores hipotecarios de los distintos elementos independientes deben prestar su consentimiento a la segregación y liberación de cargas de lo aportado, “ ver certificación y tener en cuenta documentos pendientes de despacho en la finca 55413”. Miguel Pérez y Silvia Virzi, son titulares en proindiviso y con carácter privativo. Falta indicar el estado civil actual y debe arreglarse la adjudicación en la parcela 4B que se dice ganancial. Se incluye aclaración.

– En sólido 1, el dato 990,63 m2, no coincide con el cuadro y la suma correspondiente. Se modifica por 990,93 m2.

– Aclarar en el sólido 4B la no coincidencia de las adjudicaciones del 10,78 y 14,71 que se hace corresponder que una procedencia del 10,79 y 14,70 respectivamente. Se modifica por 14,70 %.

– En sólido 4-A, arreglar el nombre de Begoña Señora Novoa- Según Registro es María Begoña. Se modifica.

– La parcela acera y calle del Concello, no tiene adjudicación en destino- según cuadro seería una participación en la 4-c Corregir. incluido

– En sólido 5, arreglar de esta parcela resultante número 1 y aclarar cuarente y nueve coma un metros cuadrados- 49,00 m2. Modificado.

– No se hace constar la ubicación de la edificación subsistente en las parcelas de destino. Parcela de Equipamiento.

– Certificación de Costas, de que el ámbito de la J.C. No invade la zona de DOMINIO PUBLICO MARITIMO-TERRESTRE. Se ha solicitado.

– Acreditación de la representación de los administradores que intervienen en nombre de las sociedades mercantiles propietarias de parcelas. Acreditado

– Asimismo comparece la representante legal del BANCO SANTANDER, S.A. (Doña María Milagros Pardal Blanco, con D.N.I.Nº 33.268.209-C, debidamente autorizada mediante poder otorgado ante el Notario de Madrid D. Francisco Moa Pallares, el día 31 de marzo de 1.999, con número de protocolo 548, para manifestar que tiene conocimiento del PEPRI Nº 6. De Bouzas y aceptar el traslado de las cargas existentes sobre las parcelas de origen Nº 8, 9, 24 y 25 propiedad de PROARINES 7, S.L y su traslado a las fincas de resultado: sólido Nº 1 y sólido Nº 5.

Las modificaciones complementarias solicitadas por el Registro de la Propiedad, no se oponen al proyecto de compensación, ni al Plan que se ejecuta, Plan Especial de Protección e Reforma interior do Casco Histórico de Bouzas (Expte 5825/411) (A.D. 30.09.02). Su tramitación se realizara de acuerdo con el art 174.5 de la Leí 9/02 del Real Decreto 3288/78, de 25 de agosto, de xestión urbanística e art 117 da Leí 9/02, de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.”

III.- O 28.09.2011, incorpórase ao expediente, a solicitude do técnico que subscribe, un informe do Xefe de Cartografía e Deliñación, no que se indica que:

“O ámbito do polígono número 6 do PEPRI de Bouzas, aprobado definitivamente o 7 de abril de 2008 pola Xunta de Goberno Local, non invade a zona de dominio público marítimo-terrestre nin a zona de servidume.

Achéganse planos do PXOM, follas 9-I, 10-I e 10-H”

IV.- O 04.10.2011, a interesada achegou por rexistro (DOC. 110127936) unha emenda á documentación orixinaria, solventando un erro de impresión na páxina 21.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Real decreto 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do solo; Boletín Oficial do Estado -BOE- n.º 154, de 26.06.2008 (TRLS 2008)*
- Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia; Diario Oficial de Galicia -DOG- n.º 252, de 31.12.2002 (LOUGA)*
- Real decreto 3288/1978, de 25 de agosto, polo que se aproba o regulamento de xestión urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana; BOE n.º 27, de 31.01.1979 (RXU)*
- Real decreto 1093/1997, de 4 de xullo, polo que se aproban as normas complementarias ao Regulamento para a execución da Lei hipotecaria sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística; BOE n.º 175, de 23.07.1997 (RLHU)*
- Lei 6/2007, de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia (DOG n.º 94, de 16.05.2007)*
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; BOE n.º 285, de 27.11.1992*
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local; BOE n.º 80, de 03.03.1985 (LBRL)*
- Real decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; BOE n.º 96, de 22.04.1986 (TRRL)*
- Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais; BOE n.º 305, de 22.12.1986 (ROF)*
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia; DOG n.º 149, de 05.08.1997 (LALGA)*
- Plan xeral de ordenación municipal de Vigo de 2008, aprobado definitivamente por Ordes da Conselleira de política territorial, obras públicas e transportes de 16 de maio de 2008 (Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra -BOP- n.º 151, de 06.08.2008; DOG n.º 106, de 03.06.2008) e do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de 13 de xullo de 2009 (BOP n.º 175, de 10.09.2009; DOG n.º 144, de 24.07.2009) (PXOM)*
- Estatutos da Xerencia Municipal de urbanismo, na súa redacción aprobada no Pleno do Concello de Vigo de 6 de setembro de 2010 (BOP n.º 193, de 06.10.2010)*

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

A) Concepto e regulación das operacións xurídicas complementarias

Os artigos 113.3 e 174.5 do RXU -de contido substancialmente análogo, referido o primeiro deles á reparcelación e o segundo á compensación-, recollen o concepto legal das operacións xurídicas com-

plementarias, que se entenden como meras operacións de axuste que non se opoñan ao instrumento de xestión urbanística que completan nin ao instrumento de planeamento que se desenvolve.

De conformidade coa interpretación xurisprudencial, as operacións xurídicas complementarias son simples correccións (STS 27.06.2011, LA LEY 1987/2002), cun alcance limitado, supeditado a que o seu contido non introduza cambios que, pese a non ser contrarios ao proxecto de reparcelación ou compensación, supoñan unha modificación substancial do mesmo, o que esixiría a aprobación dun novo proxecto (STS 13.11.2002, RJ 2002\10320).

B) Tramitación e formalización das operacións xurídicas complementarias

Polo que respecta á súa tramitación, as operacións xurídicas complementarias dos proxectos de compensación formalizaranse pola Xunta de Compensación, e deberán ser aprobadas polo órgano urbanístico actuante, segundo dispón o art. 174.5 do RXU.

O art. 6, en relación co 2.2, ambos do RD. 1093/1997, indica que será título inscribible o certificado da administración urbanística actuante, acreditativo da aprobación do expediente da operación xurídica complementaria, que deberá cumprir cos seguintes requisitos:

- a) Que se expida, en exemplar duplicado, polo Secretario da entidade ou órgano actuante e con inserción literal do acordo adoptado
- b) Que exprese que o acto puxo fin á vía administrativa, agás o disposto no referido regulamento para acordos determinados
- c) Que se fagan constar nela, na forma esixida pola Lexislación Hipotecaria, as circunstancias relativas ás persoas e as fincas aos que afecte o acordo.

C) Modificacións instadas pola Xunta de Compensación

A Xunta de Compensación, segundo manifesta a requirimento do Rexistro da Propiedade n.º 3 de Vigo, aprobou as modificacións que constan no informe da Arquitecta Xefa de Barrios Históricos, inserido literalmente no expositivo II do presente. Porén, cómpre facer as seguintes precisións:

Parcela 16

Segundo se detalla na lista de emendas que manifestan lles foi solicitada pola Rexistradora, recollida nas páxinas 2 e 3 da acta da Asemblea Xeral da Xunta de Compensación de 20.06.2011, a parcela 16 ten a seguinte problemática:

“Se halla inscrita la mitad indivisa de la finca. Con la documentación adjunta -necesariamente habrán de aportarse originales- se inmatricularía la mitad no instrita pero no permite la reanudación de tracto, lo que se soluciona con acta de notoriedad para reanudación de tracto según artículo 9 del RD 1093/97.”

Para salvar o defecto, segundo o índice obrante á páxina 26 (non foliada) da documentación anexa á instancia presentada (DOC. 110093143), xúntase a seguinte documentación, que se entende que corresponde cos títulos intermedios aos que fai referencia o apdo, 1 do art. 9 do RD 1093/1997:

- Testamento otorgado por Dña. Dolores Márquez Correa, Parcela nº 16
- Declaración hereditaria 576/88 de D. Juan Bastos Márquez, Parcela nº 16

Polo tanto, de entre os modos para a reanudación do tracto sucesivo recollidos no art. 9 do RD 1093/1997, o empregado non é ningún dos indicados nos apartados 2 a 5 do citado artigo, que a teor do apartado 6 se poderían tramitar por Notario mediante acta de notoriedade.

Esixencia de certificación de que o ámbito da Xunta de Compensación non invade a zona de dominio público marítimo-terrestre

O antepenúltimo requisito dos recollidos no listado a que anteriormente se fixo referencia, refírese a unha certificación de Costas, acreditativa de que non existe unha invasión do dominio público marítimo-terrestre; a documentación achegada pola Xunta de Compensación non incorpora o citado documento, se ben manifesta que o dito documento foi solicitado, inda que non acredita.

Toda vez que o PXOM do Concello de Vigo ten grafiada tanto a liña de deslinde do dominio público marítimo-terrestre como a da súa zona de servidume, solicitouse informe ao Xefe de Cartografía e Delimitación, que o 28.09.2011, acompañando planos do PXOM, informa que non existe invasión nin do dominio público nin da súa zona de servidume.

Adxudicación en destino da parcela “acera y calle” do Concello

A pesar da referencia incluída no listado de emendas solicitadas polo Rexistro da propiedade, non se introduce ningunha modificación na parcela 4.c do Sólido 4º; segundo consta no punto 3º da acta da Asemblea Xeral celebrada o 20.06.2011, todos os trámites tendentes á inscrición no Rexistro da propiedade foron realizados polos técnicos e directiva da Xunta de Compensación, indicando que a documentación pertinente, nos casos en que así sexa necesario, é a incluída no Anexo.

Polo tanto, a Xunta de Compensación non estima precisa a modificación do proxecto de compensación neste senso, referindo no cuarto parágrafo da páxina 6 que a adxudicación en destino da parcela “acera y calle” do Concello “[...] según cuadro sería una participación en la 4-c [...]”.

Erro de impresión na documentación

A documentación presentada adoeceía dun erro mecanográfico no último parágrafo da páxina 21, que tal e como se reflicte nos Antecedentes foi emendado pola interesada coa presentación da páxina 21 completa.

Esta emenda non precisa dunha nova aprobación por parte da Xunta de Compensación, toda vez que simplemente ven a solventar un erro de impresión na documentación presentada ante esta Administración.

E) Competencia

A competencia para aprobar a operación xurídica complementaria corresponde á Xunta de Goberno Local, a proposta do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, segundo o disposto no art. 127.1.d) da LBRL, en relación co art. 10.1.d) dos Estatutos da XMU.

III.- PROPOSTA

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación, PROPONSE A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar a operación xurídica complementaria do proxecto de compensación do Polígono 6 do PEPRI de Bouzas, aprobado definitivamente mediante acordo da Xunta de Goberno Local do día 07.04.2008 (exp. 4786/401), de conformidade coa documentación presentada o día 27.06.2011 no Rexistro xeral da XMU redactada

polos arquitectos arquitectos J. Cordeiro Rodríguez, A. Davila Alonso, E. Filgueira García, C. Jiménez López, L. Meijide Rico, e o avogado G. Gallego Pérez, e co informe do Xefe do Servizo de Cartografía que certifica que non está dentro da zona dominio público marítimo terrestre nin na súa zona de servidume.

SEGUNDO: *Requirir á Xunta de Compensación para que inste a inscrición da presente operación xurídica complementaria no Rexistro da Propiedade, de conformidade co disposto no artigo 6 do RD 1093/1997.*

TERCEIRO: *Notificar o presente acordo aos interesados, con indicación de que contra o mesmo cabe interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, contados en ambos casos dende o día seguinte ao da notificación, sen prexuízo de calquera outro que estimen oportuno.»*

O presente informe-proposta non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ao seu superior criterio.

O Consello da Xerencia de Urbanismo, con data 7.10.11, por maioría acorda someter á Xunta de Goberno local a proposta contida no precedente informe.

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO: Aprobar a operación xurídica complementaria do proxecto de compensación do Polígono 6 do PEPRÍ de Bouzas, aprobado definitivamente mediante acordo da Xunta de Goberno Local do día 07.04.2008 (exp. 4786/401), de conformidade coa documentación presentada o día 27.06.2011 no Rexistro xeral da XMU redactada polos arquitectos arquitectos J. Cordeiro Rodríguez, A. Davila Alonso, E. Filgueira García, C. Jiménez López, L. Meijide Rico, e o avogado G. Gallego Pérez, e co informe do Xefe do Servizo de Cartografía que certifica que non está dentro da zona dominio público marítimo terrestre nin na súa zona de servidume.

SEGUNDO: Requirir á Xunta de Compensación para que inste a inscrición da presente operación xurídica complementaria no Rexistro da Propiedade, de conformidade co disposto no artigo 6 do RD 1093/1997.

TERCEIRO: Notificar o presente acordo aos interesados, con indicación de que contra o mesmo cabe interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, contados en ambos casos dende o día seguinte ao da notificación, sen prexuízo de calquera outro que estimen oportuno.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

23(1181).- RESOLUCIÓN DAS AXUDAS MUNICIPAIS ESCOLARES DE LIBROS, MATERIAL E COMEDOR, CURSO 2011-2012 (2ª RESOLUCIÓN PARCIAL). EXPTE. 68700/301.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 10.10.11, e de acordo co informe-proposta da técnica de Política de Benestar, do 29.09.11, conformado polo xefe de Área e a Concelleira de Política de Benestar, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o listado de axudas concedidas, denegadas e en lista de agarda, reflectido na acta da comisión de valoración que se achega no expediente das axudas municipais escolares de libros e material escolar -curso 2011/2012:

- no nivel de Educación Infantil (2ª etapa)
- orzamento curso 2011/2012: 40.000€
- orzamento non adxudicado na 1ª adxudación parcial: 3.625€
- cuantía da axuda para este concepto: 75€/alumno
- solicitudes alumnos pendentes: 48
- solicitudes concedidas: 8
- solicitudes denegadas: 20
- solicitudes en lista de agarda: 20
- Orzamento concedidas: 600€

2º.- Aprobar o listado de axudas concedidas, denegadas e en lista de agarda reflectido na acta da comisión de valoración que se achega no expediente das axudas municipais escolares de comedor escolar -curso 2011/2012:

- Para os niveis de Educación Infantil (2ª etapa), Educación Primaria e Secundaria obrigatoria.
- orzamento curso 2011/2012: 660.000 €
- orzamento non adxudicado na 1ª adxudación parcial: 39.900,80€ (total curso).
- Contía da subvención: Ata 41 €/mes/alumno/a.
- solicitudes alumnos pendentes: 115
- solicitudes concedidas: 41
- solicitudes denegadas: 37
- solicitudes en lista de agarda: 37
- Orzamento adxudicadas na 2ª resolución: 1.579 euros (8 meses) + 1.105,30 (2 meses).

- TOTAL CURSO: 14.842,60€

3º.- Aprobar a adxudicación de axudas de libros e comedor para o curso 2011/2012, da lista de agarda do seguinte xeito:

AXUDAS DE LIBROS E MATERIAL ESCOLAR:

- Orzamento para curso 2011/2012: 40.000€
- Importe adxudicado na 1ª resolución: 36.375€
- Importe adxudicado na 2ª resolución: 600€
- Importe máximo para solicitudes en lista de agarda: 3.025€
- Solicitudes aprobadas de lista de agarda: 39

Concédense 39 axudas, procedentes da lista de agarda, correspondentes aos alumnos do Anexo 1, que van dende Monroy Chavarría, Deyanira ata Rio Lorenzo, Brais) (pax 1 - 60);

AXUDAS DE COMEDOR:

- Orzamento para curso 2011/2012: 660.000,00€
- Importe adxudicado na 1ª resolución: 620.099,20€
- Importe adxudicado na 2ª resolución: 14.842,60€
- Importe para solicitudes en lista de agarda: 25.058,20€
- Solicitudes aprobadas de lista de agarda: 70

Concédense 70 axudas, correspondentes aos alumnos da lista de agarda, correspondentes aos alumnos do Anexo 2, que van dende Canabal Pazos, Rocío Carmen, ata Ramallo López, Carlota (pax 200 - 208).

4º.- Comprometer o gasto con cargo á partida 2310,481,00,00 das axudas concedidas do seguinte xeito:

-Gasto de 3.625€ das axudas que estaban pendentes de resolver e das concedidas provenientes da lista de agarda, para libros e material escolar, curso 2011/2012 con cargo ao RC nº 2011-26664, por importe de 40,000 euros.

-Gasto de 39.900,80€ para axudas que estaban pendentes de resolver e das concedidas provenientes da lista de agarda para comedor, curso 2011/2012, coa seguinte imputación:

*exercicio 2011: 243.000 (RC nº 2011-26665)

*exercicio 2012: 417.000 (RCFUT nº 2011-26666)

5º.- Aprobar a publicación da resolución desta convocatoria no taboleiro de anuncios do Concello, das Unidades Básicas de Acción Social e na páxina web do Concello. Asimesmo comunicarse a resolución aos solicitantes por correo ordinario.

6º.- Aprobar os seguintes anexos:

- ANEXO I – Listado xeral resolución axudas libros e material
- ANEXO II - Listado xeral resolución axudas comedor

24(1182).- PROXECTO DE EQUIDISTRIBUCIÓN DO POLÍGONO II DA “APR A-3-10 ESTURÁNS”. PROPOSTA DESFAVORABLE. EXPTE. 4855/401.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 11.10.11, conformado polo xefe da Área de Planeamento e Xestión, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- Reprodúcense os contemplados no informe-proposta de 15.07.2011 do Xefe de asesoramento xurídico da Xerencia Municipal del Urbanismo e a Arquitecta municipal, conformado polo Arquitecto municipal Director da Área de Planeamento e Xestión:

“I. ANTECEDENTES

I.1. O vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Vigo foi aprobado definitivamente, de forma parcial, por Orde da Conselleira da CPTOPT da Xunta de Galicia do 16.05.2008 (DOG nº 106, do 03.06.2008) e a súa normativa foi integramente publicada no BOP o 06.08.2008 (BOP nº 151 - Suplemento). O 13.07.2009 o Conselleiro da CMATI aprobou definitivamente o documento de cumprimento da Orde da CPTOPT do 16.05.2008 sobre aprobación definitiva do PXOM de Vigo (DOG nº 144, do 24.07.2009; BOP nº 175, do 10.09.2009).

I.2. No precitado PXOM inclúese un ámbito de solo urbano non consolidado (SUNC) con planeamento remitido APR «A-3-10 ESTURÁNS», cunha ficha de características para o seu desenvolvemento e unha ordenación detallada xa incorporada ó propio Plan Xeral, consistente nunha Memoria xustificativa e planos de ordenación. Incorpora tamén o convenio urbanístico de planeamento asinado en data 30.07.2008 entre o Delegado da Área de Urbanismo e Vivenda do Concello de Vigo e o representante da mercantil “Prazadouro, S.L.”.

I.3. Na ordenación detallada contida no PXOM, o ámbito «A-3-10 ESTURÁNS» divídese en dous polígonos para a súa execución, os denominados Polígono I e Polígono II, establecéndose como sistema de actuación para o Polígono II o sistema de concerto, regulado nos Arts. 150 – 153 da LOUGA.

I.4. O 04.09.2008 o representante de “Prazadouro, S.L.” presentou no Rexistro xeral da XMU unha solicitude para proceder á iniciación do desenvolvemento do Polígono II dese ámbito polo sistema de concerto, mediante a tramitación do correspondente proxecto de equidistribución. O 19.11.2008, como cumprimento dunha notificación previa da Oficina de Planeamento – Xestión da XMU, a propiedade presentou copia da escritura de propiedade, notas simples rexistras, fichas descritivas e gráficas do catastro e plano topográfico das parcelas.

1.5. O 09.02.2009, por Resolución do Delegado da Área de Urbanismo e Vivenda foi incoado «Expediente para a tramitación do proxecto de equidistribución do Polígono II da área de ordenación detallada (APR) A-3-10 ESTURÁNS, a iniciativa da entidade mercantil PRAZADOURO S.L., a desenvolver polo sistema de concerto».

1.6. O 27.03.2009 tivo entrada no Rexistro xeral da XMU (Doc. nº 90042529) a instancia do representante da mercantil interesada solicitando a tramitación do proxecto de equidistribución presentado. Achegáronse, para estes efectos, dúas copias en papel e en soporte dixital da primeira proposta do proxecto de equidistribución.

1.7. Con data 17.12.2009 (Doc. nº 90182253) achegouse un novo proxecto de equidistribución; modificado e de novo presentado o 26.01.2010 (Doc. nº 1001123674).

1.8. O 26.08.2010 achegouse a acta de protocolización do proxecto de equidistribución do ámbito, presentando dúas copias do proxecto en papel e unha en soporte dixital (Doc. nº 100111225).

1.9. O 09.11.2010 emitíuse informe do técnico municipal e do xefe de cartografía en relación coa liña divisoria dos Polígonos I e II da «A-3-10 ESTURÁNS».

1.10. O 13.12.2010 emitíuse informe da TAX da Oficina de Planeamento – Xestión e da arquitecta municipal no que xa se advertía da existencia de varias deficiencias no proxecto de equidistribución. Entre os aspectos que se deberían corrixir sinalábase a obriga de que a cesión do 10% do aproveitamento tipo ó Concello de Vigo debería facerse nunha parcela adicada a vivenda protexida.

1.11. Posteriormente foi presentado un novo proxecto de equidistribución e remitiuse notificación de data 11.04.2011, na que se recollían as deficiencias observadas pola TAX da Oficina de Planeamento – Xestión e a arquitecta municipal.

1.12. O 07.06.2011 tivo entrada no Rexistro Xeral da XMU (Doc. nº 110084649) un escrito do representante de “Prazadouro, S.L.”, Sr. Pérez Pamies, co que achegou o proxecto de equidistribución elaborado pola sociedade “Enxeñería e Análise Medioambiental” (EAM) no que se corrixen determinados extremos do documento anteriormente presentado, agás o que se refire á cesión do 10% do aproveitamento municipal, que mantense nunha parcela adicada a vivenda libre, o que, como xa se informara, incumpre o disposto no Art. 16.1 b) do Real Decreto Lexislativo 2/2008, do 20 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo, na súa relación cos Arts. 20.1.c) e 174 e ss. da LOUGA, así como o determinado no convenio urbanístico incorporado ó PXOM e ratificado pola mercantil propietaria o 30.07.2008 e os criterios para a xestión do PMS do Concello de Vigo.

1.13. O 13.07.2011 o interesado presentou no Rexistro xeral da XMU (Doc. nº 110099448) a acta de protocolización do documento de equidistribución (coincidente co de data 07.06.2011), formalizada en escritura pública autorizada polo notario de Vigo Sr. Riol López o 07.07.2011, co nº 1481 do seu protocolo.

II.- O 15.07.2011, a Concelleira-delegada da Área de Urbanismo, Cascos Históricos e Grandes Proxectos ditou Resolución de conformidade co informe-proposta ao que corresponden os Antecedentes transcritos no número anterior, cuxa parte dispositiva é do seguinte teor literal:

“RESOLUCIÓN

PRIMEIRO: Someter o proxecto de equidistribución do Polígono II da APR «A-3-10 ESTURÁNS» do PXOM de Vigo, promovido pola mercantil “Prazadouro, S.L.” e presentado no Rexistro xeral da Xerencia municipal de Urbanismo

o 13.07.2011, ó trámite de información pública durante o prazo de vinte (20) días mediante anuncio que se publicará no BOP de Pontevedra, xunto coa demais documentación do expediente instruído (Exp. nº 4855/401), entre a que se inclúe os informes dos servizos técnicos e xurídicos da Oficina de Planeamento – Xestión nos que se formula reparo expreso á proposta de cesión do 10% do aproveitamento municipal nunha parcela destinada a vivenda libre en lugar de a vivenda protexida, en contra do disposto na lexislación estatal e autonómica, no convenio urbanístico asinado no seu día coa propiedade e nos criterios de xestión do Patrimonio municipal do solo do Concello de Vigo.

SEGUNDO: Notificar o contido íntegro desta Resolución ós propietarios do Polígono II da «A-3-10 ESTURÁNS» e, de ser o caso, ós demais interesados que consten no expediente; significándolles que, por tratarse dun mero acto de trámite non é susceptible de recurso autónomo ou separado en vía administrativa ou contenciosa (Art. 107.1 pfo. 2 L.30/1992), sen prexuízo de que os interesados poidan alegar a súa oposición para os efectos da posterior consideración na resolución que poña fin a este procedemento

TERCEIRO: Dar conta desta Resolución ó Consello de Xerencia da Xerencia municipal de Urbanismo para os efectos do disposto no Art. 10.3 dos seus Estatutos».”

III.- O Consello da XMU, na súa sesión de 05.08.2011, tomou razón da Resolución anterior, dándose por decatado do contido da Resolución da Concelleira-delegada anteriormente sinalada.

IV.- Constan no expediente as notificacións individualizadas cursadas a PRAZADOURO, S.L. (recibida o 18.08.2011 por D. Juan M. Pérez Pamios en calidade de administrador), a NOVACAIXAGALICIA (recibida o 18.08.2011 por D. Jesús Fariña Riveiro, en calidade de autorizado), e a INVERSIONES COSTA ESMERALDA (recibida o 18.08.2011 por D.ª María Barbera, en calidade de empregada).

Polo que respecta á publicación no BOP, esta realizouse o 30.08.2011 no Boletín n.º 166, no que se inseriu a totalidade da parte dispositiva da Resolución anteriormente transcrita.

V.- Dentro do período de información pública, que finalizou o 22.09.2011, só se presentou no Rexistro da XMU unha única alegación, presentada o 19.09.2011 (DOC. 110121077) por D. Juan Pérez Pamies en nome de PRAZADOURO, S.L. segundo consta no certificado da Secretaría da XMU de 27.09.2011.

VI.- O 29.09.2011 pasou o expediente a informe do técnico de administración xeral da Área de Planeamento e Xestión que subscribe, sen que conste no expediente ningún novo trámite dende a emisión da certificación á que se fai referencia no número anterior.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Real decreto 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do solo; Boletín Oficial do Estado -BOE- n.º 154, de 26.06.2008 (TRLS 2008)
- Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia; Diario Oficial de Galicia -DOG- n.º 252, de 31.12.2002 (LOUGA)

- *Real decreto 2159/1978, de 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de planeamento para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana; BOE n.º 221, de 15.09.1978 (RPU)*
- *Real decreto 3288/1978, de 25 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de xestión urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana; BOE n.º 27, de 31.01.1979 (RXU)*
- *Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia; DOG n.º 32, de 17.02.1999 (RDUG)*
- *Real decreto 1093/1997, de 4 de xullo, polo que se aproban as normas complementarias ao Regulamento para a execución da Lei hipotecaria sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística; BOE n.º 175, de 23.07.1997 (RLHU)*
- *Lei 33/2003, de 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas; BOE n.º 264, de 04.11.2003 (LPAP)*
- *Real decreto 1373/2009, de 28 de agosto, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei do patrimonio das administracións públicas; BOE n.º 226, de 18.09.2009 (RXLPAP)*
- *Real decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais; BOE n.º 161, 07.07.1986 (RBEL)*
- *Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público; BOE n.º 261, 31.10.2007 (LCSP)*
- *Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de contratos das administracións públicas; BOE n.º 257, de 26.10.2001 (RXLCAP)*
- *Lei 18/2008, de 29 de decembro, de vivenda de Galicia; DOG n.º 13, de 20.01.2009*
- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; BOE n.º 285, de 27.11.1992*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local; BOE n.º 80, de 03.03.1985 (LBRL)*
- *Real decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; BOE n.º 96, de 22.04.1986 (TRRL)*
- *Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais; BOE n.º 305, de 22.12.1986 (ROF)*
- *Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia; DOG n.º 149, de 05.08.1997 (LALGA)*
- *Plan xeral de ordenación municipal de Vigo de 2008, aprobado definitivamente por Ordes da Conselleira de política territorial, obras públicas e transportes de 16 de maio de 2008 (Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra -BOP- n.º 151, de 06.08.2008; DOG n.º 106, de 03.06.2008) e do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de 13 de xullo de 2009 (BOP n.º 175, de 10.09.2009; DOG n.º 144, de 24.07.2009) (PXOM)*
- *Estatutos da Xerencia Municipal de urbanismo, na súa redacción aprobada no Pleno do Concello de Vigo de 6 de setembro de 2010 (BOP n.º 193, de 06.10.2010)*

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

a) ANÁLISE DA ALEGACIÓN DE PRAZADOURO, S.L.

A mercantil alegante oponse, en síntese, ao criterio municipal de que a cesión do 10% do aproveitamento municipal se debe materializar nunha parcela dedicada a vivenda protexida, e non a vivenda libre, tal e como se indica no proxecto de equidistribución que propón a promotora.

Como tal, o escrito presentado pola promotora non contempla ningunha obxección nin reparo á aprobación do proxecto de equidistribución, contido típico desta clase de alegacións a teor do disposto no art. 153.2 da LOUGA; máis ben ao contrario, a oposición fórmulase directamente contra o reparo da Administración municipal a aprobar o proxecto nos termos en que está redactado.

No seu propio texto refire que o seu carácter é o de manifestar a súa oposición -exclusivamente aos reparos formulados polo Concello- para os efectos da súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento, en exercicio do dereito conferido polo parágrafo segundo do art. 107.1 da Lei 30/1992, polo que será considerada a estes efectos.

Polo que respecta ao seu contido, o dito escrito dedica a súa práctica totalidade a rebater o informe da técnico de administración xeral da Área de Planeamento e Xestión de 30.03.2011, sobre a base de catro elementos argumentais: a discrepancia na interpretación da normativa de aplicación; a inaplicabilidade dos Criterios municipais de xestión do patrimonio municipal do solo (PMS); a nulidade parcial do convenio urbanístico suscrito entre o Concello de Vigo e a interesada; e a inviabilidade do desenvolvemento do ámbito en outros termos.

Sinala tamén, no seu apartado Terceiro, que resultaría máis axeitado en termos de celeridade que a vivenda protexida se constrúa pola mercantil interesada que polo Concello de Vigo, realizando unha serie de apreciacións sen contido xurídico que se moven no terreo da oportunidade, e que polo tanto non resultan merecedoras de atención para a elaboración do presente informe.

1.- Discrepancia na interpretación da normativa de aplicación

Segundo a interesada, non cabe interpretar que os artigos 10.1.b) e o 16.1.b) do TRLS'08 preceptúen que a adjudicación do aproveitamento municipal se deba materializar nunha parcela destinada a vivendas sometidas a algún réxime de protección pública, por interpretar que o art. 16.1.b) non é de aplicación directa senón que realiza unha remisión á lexislación sobre ordenación territorial e urbanística autonómica, e por entender que o suposto de feito regulado non é o do presente caso, xa que se refire unicamente á substitución do deber de cesión por outras formas de cumprimento do deber.

O art. 16.1.b), contén a expresión da preferencia legal de que a cesión se efectúe, sempre e cando sexa posible, mediante a cesión de solo destinado a vivenda sometida a algún réxime de protección pública.

A dita previsión é norma básica de aplicación directa, e constitúese nun límite ao lexislador autonómico, que non pode substituír o cumprimento do deber de cesión cando sexa posible cumprilo deste modo; elo con estrita observancia dos títulos competenciais constitucionais, invocados na Disposición Final 1ª do TRLS'08.

Da remisión á normativa autonómica efectuada polo art. 16.1.b) exclúese expresamente o suposto de feito concreto que concorre no presente expediente, dado que no ámbito existe unha reserva de solo para vivendas sometidas a algún réxime de protección pública (que se atribúe a interesada na parcela

R4), resultando de aplicación directa a citada previsión da lei estatal, polo que non existe xustificación normativa que ampare a adxudicación do 10% do aproveitamento municipal nunha parcela destinada a vivenda libre.

A propia interesada asume subsidiariamente esta tese, indicando que a Administración municipal pode destinar alternativamente a parcela á construción de vivenda libre ou vivenda protexida; esta valoración non resulta de recibo, por tanto é o instrumento de equidistribución o que debe contemplar as solucións oportunas para o cumprimento das determinacións do planeamento xeral, non podendo diferir as súas obrigas a unha posterior actuación da Administración municipal sobre a que non teñen capacidade de decisión, nin moito menos trasladarlle as cargas que lle son propias en base ao interese privado do promotor da actuación, que resulta evidente que se move na conservación da totalidade das parcelas de resultado destinadas a vivenda de protección pública, mudando a súa vontade expresada no convenio urbanístico asinado co Concello de Vigo.

2.- Inaplicabilidade dos Criterios municipais de xestión do patrimonio municipal do solo

A interesada manifesta a súa disconformidade con que dos arts. 38 e 39 do TRLS'08, en relación co art. 177.1 da LOUGA, se extraia que o destino preferente do PMS sexa a construción de vivenda de protección pública, e tras entrar en valoracións subxectivas da oportunidade de empregar os terreos obxecto de cesión como medio instrumental para o desenvolvemento doutros ámbitos alleos ao do presente expediente, cuestiona os Criterios municipais de xestión do PMS.

En primeiro lugar, cómpre salientar que a interesada carece absolutamente de lexitimación para tentar vincular o desenvolvemento do ámbito da súa propiedade ao desenvolvemento doutros ámbitos, e moito menos para pretender marcar ao Concello de Vigo as pautas da temporalización do desenvolvemento do planeamento xeral en base ao seu interese privado, nin para indicar as modalidades e solucións máis axeitadas para a xestión das figuras de planeamento de ámbitos que exceden da delimitación do que é obxecto do presente expediente. Estas cuestións móvense na esfera das potestades públicas, e resultan de todo indispoñibles para os particulares, resultando por ende innecesario entrar no fondo das consideracións efectuadas pola interesada.

Polo que respecta ao destino preferente do PMS, a propia normativa indicada manifesta a preferencia da construción de vivendas suxeitas a algún réxime de protección pública sobre calquera outra finalidade das previstas na lexislación autonómica, toda vez que de non existir previsión expresa na normativa de ordenación urbanística, destinaríase a tal finalidade o 100% dos terreos que o integran ex art. 39.1 TRLS'08; a normativa galega, constituída a estes efectos polo art. 177 da LOUGA, limita no seu apartado 3 esta afección ao 50% dos terreos obtidos da cesión do 10% do aproveitamento municipal, o cal manifesta unha clara preponderancia sobre calquera outro dos posibles destinos recollidos nas letras b) a f) do apartado 1 do artigo de referencia. Volvemos, non obstante, ao campo das potestades públicas, non estando ao alcance da vontade da interesada determinar o destino que o Concello de Vigo debe dar aos bens que integran o seu patrimonio, e moito menos pretender modular o interese público en base ao seu interese privado.

Os Criterios municipais de xestión do PMS, cuxa conceptualización xurídica discute a interesada, veñen a determinar a opción escollida polo Concello de Vigo -en función das circunstancias concorrentes- de entre as dispostas como posibles polo art. 177 da LOUGA, en exercicio da potestade discrecional que contempla o citado artigo e que, como toda actuación administrativa discrecional, cumpren coa obriga formal e material de estar debidamente motivados (art. 54.1.f) da Lei 30/1992).

Estes Criterios prefixan a fundamentación xurídica e técnica nun acto de exercicio desa potestade discrecional, anoando ás situacións de feito contempladas as solucións de xestión que esta Administración municipal considera máis adecuadas de entre as posibilidades pola norma de referencia. Coa súa publicación, estase dando publicidade a eses criterios discrecionais coa finalidade de que sexan de coñecemento público nun exercicio de boas prácticas, informado polos principios de transparencia na xestión, boa fe e confianza lexítima, recollidos no art. 3 da Lei 30/1992, en relación co art. 103 da Constitución Española.

A vinculación desta Administración con estes Criterios ven da dobre condición de que gozan os mesmos como precedente administrativo e como forma de exercicio dunha potestade discrecional. Tal e como manifesta a interesada, segundo o art. 54 da Lei 30/1992, de forma debidamente motivada no interese público, o Concello de Vigo pode apartarse dos mesmos, substituílos por outros ou deixalos sen efecto rompendo toda vinculación cos mesmos; non obstante, non resulta de Dereito apartarse destes criterios polo interese privado da promotora da actuación, que queda de manifesto que non é coincidente nin co interese público, nin coa normativa aplicable, nin co manifestado pola interesada no convenio urbanístico do que unilateralmente pretende apartarse prexudicando ao Concello de Vigo no proxecto de equidistribución formulado.

3.- Nulidade parcial do convenio urbanístico de planeamento suscrito entre o Concello de Vigo e o interesado

O 30 de xullo de 2008, a hoxe promotora asinou co Concello de Vigo un convenio urbanístico, en cuxa estipulación Terceira se recolle que a cesión do aproveitamento municipal se efectuará “preferentemente” en solo residencial destinado a vivendas sometidas a algún réxime de protección, de conformidade co disposto no art. 16.1.b) da Lei 8/2007, de 28 de maio, do Solo (hoxe contemplada en igual número do TRLS’08).

a) Non se sustenta en Dereito que a asinante do convenio aduza agora que a dita cláusula é nula por contravir o disposto no art. 16.3 do TRLS’08, que resulta de aplicación cando o convenio urbanístico establece prestacións adicionais ou máis gravosas que as que procedan legalmente en prexuízo dos propietarios, polos seguintes motivos:

- en primeiro lugar, porque non existe tal prestación adicional, xa que o convenio asinado establece simplemente a forma en que se materializará o deber de cesión do 10% do aproveitamento municipal, sen incremento da porcentaxe que legalmente debe ser obxecto de cesión nin esixir ningunha prestación que non sexa a de cesión legal obrigatoria*
- en segundo lugar, porque non se pode discernir motivo algún que faga máis gravosa a cesión en solo destinado a vivenda protexida que a vivenda libre, circunstancia que por outra banda en ningún momento foi xustificada no expediente pola interesada*
- en terceiro lugar, e invalidando a virtualidade anulatoria de toda prestación adicional ou máis gravosa que como se deixa exposto nos apartados anteriores non concorren neste caso, a interesada por ser parte asinante do convenio non pode arrogarse a condición de propietario e terceiro con respecto ao citado negocio xurídico que require o art. 16.3 para a nulidade da estipulación; neste senso, cabe citar a efectos enunciativos a recente Sentenza da Sección 1ª da Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid núm. 282/2011, de 25 marzo (RJCA 2011\491), que no parágrafo primeiro do seu Fundamento de Dereito Cuarto sinala o seguinte:*

“[...] no apreciamos que exista el compromiso del art. 16.3 de la ley Estatal del Suelo (es el mismo número en la Ley 8/2007 y en el Texto Refundido aprobado por

Real Decreto Legislativo 2/2008) cuya vulneración denuncia la recurrente. Al prever dicho precepto que los convenios o negocios jurídicos que el promotor de la actuación celebre con la Administración correspondiente no podrán establecer obligaciones o prestaciones adicionales ni más gravosas que las que procedan legalmente en perjuicio de los propietarios afectados, ello se entiende referido a terceros propietarios que no sean parte en el convenio de que se trate, sin incluir en la prohibición al propio promotor de la actuación [...]"

Alegar que a dita cláusula sería nula tamén en aplicación do art. 233 da LOUGA, que esixe que as estipulacións dos convenios contraveñan, infrinxan ou defrauden obxectivamente, en calquera forma, normas imperativas legais ou regulamentarias, só se explica en termos de estrita defensa de parte.

b) O termo “preferentemente”, cuxo sentido discute a interesada, non cabe ser interpretado con respecto á oración extractada pola interesada no seu escrito:

“a cesión de aproveitamento municipal atribuído ó Concello será preferentemente en solo de uso residencial destinado a algún réxime de protección”

Para interpretar o sentido do citado adverbio, debe terse en conta a oración completa, para poder facer o exercicio de razoamento xurídico empregando os métodos interpretativos clásicos (gramatical, sistemático, histórico, sociolóxico e lóxico) positivizados no art. 3.1 do Código Civil:

“a cesión de aproveitamento municipal atribuído ó Concello se´ra preferentemente en solo de uso residencial destinado a algún réxime de protección, todo elo ó abeiro do disposto no artigo 16.1.b da Lei 8/07, de 28 de maio, do solo ”

A literalidade da estipulación contemplada na súa integridade resulta contundente, dado que se remite aos termos do art. 16.1.b) da Lei 8/2007 (hoxe recollido no correlativo do TRLS'08), que segundo o análise realizado anteriormente en base aos informes obrantes ao expediente, determina que o emprego do termo “preferentemente” significa que sempre que sexa posible, a cesión do 10% de aproveitamento municipal se materializará en solo destinado a vivenda sometida a algún réxime de protección.

c) A referencia a que o convenio non foi asinado libremente pola interesada, senón que foi unha imposición municipal que a hoxe promotora se veu obrigada a asinar para que o ámbito non quedase sen ordenación detallada e non se desenvolvese, parece querer invocar a figura dos vicios do consentimento, fundamentada na imposibilidade de obxecto do art. 1272 do Código Civil; a imposibilidade do obxecto, como xa houbo ocasión de argumentar, non concorre por non resultar nula a estipulación de referencia segundo o disposto na letra a) do presente apartado.

Das catro causas típicas de nulidade do consentimento (segundo o art. 1265 do Código Civil: erro, violencia, intimidación, ou dolo), a única que podería atopar encaixe nas manifestacións realizadas pola interesada é o erro; porén o erro non cabe ser considerado, xa que a dilixencia esixible ao representante da mercantil asinante do convenio excede a xenérica do ‘bonus pater familias’, resultándolle esixible a dilixencia cualificada do ordenado empresario e representante leal, que transformaría en inexcusable o erro padecido, e por tanto carente da virtualidade anulatoria do consentimento prestado. A xurisprudencia e a doutrina son prolixas nestas cuestións básicas da teoría xeral das obrigas; por todas, STS, Sala do Civil 43/2003, de 24 xaneiro (RJ 2003\1995).

4.- Inviabilidade do desenvolvemento do ámbito en outros termos

A interesada manifesta finalmente que a urbanización e edificación do ámbito non sería economicamente viable en outros termos distintos aos que está formulada.

Esta tese, inda que carece de consideracións técnico-xurídicas, resulta incongruente co resto do escrito, toda vez que ven a indicar, a sensu contrario, que efectivamente se producirían prexuízos económicos para o Concello no caso de que aceptase a cesión de solo destinado a vivendas libres en lugar do solo destinado a vivenda de protección que lle corresponde.

B) INCUMPRIMENTO DA OBRIGA DE CESIÓN DO 10% DO APROVEITAMENTO MUNICIPAL EN SOLO DESTINADO A VIVENDA SUXEITA A ALGÚN RÉXIME DE PROTECCIÓN PÚBLICA

O parágrafo segundo do apartado III.6 do informe que fundamenta a Resolución da Concelleira-delegada de Urbanismo, Barrios Históricos e Grandes Proxectos de 15.07.2011, pola que se deu trámite á solicitude de aprobación do proxecto de equidistribución presentado pola mercantil PRAZADOURO, S.L., indica literalmente o seguinte:

“Con todo, e como xa se dixo anteriormente, á cesión do 10% do aproveitamento municipal mantense, en contra do indicado polos técnicos da XMU, nunha parcela adicada a vivenda libre, incumprindo así o disposto no Art. 16.1 b) do TRLS/2008 en relación cos Arts. 20.1.c) e 174 e ss. da LOUGA, así como o determinado no convenio urbanístico incorporado ó PXOM e ratificado pola mercantil propietaria o 30.07.2008 e os criterios formulados para a xestión do PMS polo Concello de Vigo. Por esta razón, de non correxirse este extremo, e unha vez finalizado o trámite de información pública, redactarase a correspondente proposta en sentido desfavorable.”

En atención á citada Resolución, e toda vez que non se corrixiu o proxecto de equidistribución nos estremos indicados, o sentido da proposta que se formulará será desfavorable á súa aprobación.

C) CUMPRIMENTO DE TRÁMITES

O presente procedemento tramitouse segundo o disposto no art. 153 da LOUGA, que dispón que corresponde aos propietarios formular a proposta de equidistribución e formalizala en escritura pública, e como trámites regrados da Administración municipal someter a dita proposta a información pública durante vinte días mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia, e previo informe dos servizos municipais correspondentes, elevalo ao municipio para que se pronuncie sobre a súa aprobación definitiva.

Consta no expediente a práctica da exposición pública durante o prazo preceptivo mediante anuncio no BOP n.º 166, de 30.08.2011, así como certificado das alegacións formuladas no citado período, que se limitan ao escrito de oposición obxecto de análise na Consideración Xurídica A).

Co presente informe, cúmprense todos os trámites previstos para a tramitación do expediente, polo que procede elevar o expediente ao órgano do Concello de Vigo competente para que se pronuncie sobre a súa aprobación definitiva.

III.- COMPETENCIA

Resulta competente para adoptar o acordo de finalización do presente procedemento a Xunta de Goberno Local, en atención ao disposto no art. 127.1.d) da LBRL, a proposta do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, segundo os arts. 10.1.d) e i) e 2.4.A).8 dos Estatutos da XMU.

IV.- PROPOSTA

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación, propónse á Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Vigo a adopción do seguinte:

«ACORDO

PRIMEIRO: Denegar a aprobación do proxecto de equidistribución do Polígono II da «APR A-3-10 ESTURÁNS», por incumprir coa obriga de ceder o 10% do aproveitamento municipal nunha parcela dedicada a vivenda sometida a algún réxime de protección pública.

SEGUNDO: Notificar o presente acordo ao solicitante e aos propietarios do ámbito, con indicación de que contra o mesmo cabe recurso potestativo de reposición perante o órgano que o ditou no prazo dun mes, ou alternativamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante os Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, contados en ambos casos dende o día seguinte á notificación, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente.

O presente informe-proposta non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ao seu superior criterio.

O Consello da Xerencia de Urbanismo, con data 7.10.11, por maioría acorda someter á Xunta de Goberno local a proposta contida no precedente informe.

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO: Denegar a aprobación do proxecto de equidistribución do Polígono II da «APR A-3-10 ESTURÁNS», por incumprir coa obriga de ceder o 10% do aproveitamento municipal nunha parcela dedicada a vivenda sometida a algún réxime de protección pública.

SEGUNDO: Notificar o presente acordo ao solicitante e aos propietarios do ámbito, con indicación de que contra o mesmo cabe recurso potestativo de reposición perante o órgano que o ditou no prazo dun mes, ou alternativamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante os Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, contados en ambos casos dende o día seguinte á notificación, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente.

25(1183).- RECEPCIÓN PARCIAL DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN DA “UA I-06 ROSALÍA DE CASTRO 2”. EXPTE. 5040/401.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 13.10.11, así como da proposta de acordo, asinada polo director dos Servizos Técnicos da Xerencia Municipal de Urbanismo e conformada pola xerente de Urbanismo, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Vigo, na súa sesión do 14.02.2005, acordou aprobar definitivamente o proxecto de urbanización da «U.A. I-06 ROSALÍA DE CASTRO 2», formulado pola Xunta de Compensación urbanizadora, redactado polo arquitecto D. José María Catalán Pérez de Lis, con Memoria e Planos visados polo COAG nos días 31/12/2002, 07/02/2003 e 10/02/2005 (exp. 4401/401), nos seguintes termos:

“ *PRIMEIRO: Estimar e desestimar as alegacións formuladas durante o período de información pública no procedemento de referencia no senso e polos motivos sinalados na parte expositiva deste acordo.*

SEGUNDO: Aprobar definitivamente o Proxecto de Urbanización da UE I-06-Rosalía de Castro 2, promovido pola Xunta de Compensación dese polígono, redactado polo arquitecto D. José María Catalán Pérez de Lis, con Memoria e Planos visados polo COAG nos días 31/12/2002, 07/02/2003 e 10/02/2005. (expte. 4401/401).

TERCEIRO: Habida conta da probabilidade de que no ámbito deste polígono se atopen restos arqueolóxicos de interese, con anterioridade ao inicio das obras deberá redactarse e aprobarse un proxecto de protección arqueolóxica, que se executará baixo a supervisión do departamento municipal de Patrimonio Histórico e, no seu caso, da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia.

CUARTO: Comunicarase o inicio das obras ao Coordinador municipal da área de servizos. Para poder solicitar Licenza de edificación antes da finalización e recepción definitiva das obras de urbanización, deberá constituírse a correspondente garantía por importe de 915.101,74 euros. A dirección técnica das obras presentará un plan de control de calidade, e aqueles ensaios e/ou documentos que avalen a idoneidade das unidades de obra necesarias, conforme ao articulado do prego de prescripcóns técnicas e ao mentado control de calidade.

QUINTO: Notifíquese o contido íntegro deste Acordo ós propietarios do polígono e ós alegantes, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpór, alternativamente, recurso de reposición nesta Administración municipal no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses. Notifíquese tamén ao coordinar municipal dos servizos municipais e ao equipo redactor do novo Plan Xeral.”

II.- O 28.09.2011, tivo entrada no Rexistro da XMU (DOC. 110125599) unha instancia do Presidente da Xunta de Compensación, pola que solicita a recepción, sequera parcial, dos viais e servizos urbanísticos xa executados, e na súa virtude, a substitución do aval que no seu día foi constituído por outro proporcional á obra que se atope pendente de executar.

O 10.10.2011, d. José M. Catalán Pérez de Lis presentou no Rexistro da XMU un escrito (DOC. 110130617) ao que xunta unha carpeta de documentación relativa ao final de obra parcial da urbanización dos viais de prolongación da Rosalía de Castro e Rúa Miragaya, co seguinte contido:

- *Certificado de final de obra parcial, redactado polo arquitecto director da obra e da execución da mesma, D. José M.ª Catalán Pérez de Lis, visado polo COAG o 07.10.2011, no que consta unha follá anexa -na que se detalla que se certifican as obras*

correspondentes aos viais Prolongación de C/ Rosalía de Castro e C/Miragaya, quedando pendente de executar as da praza interior e acceso á mesma dende C/Areal-, plano das obras certificadas e reportaxe fotográfico

- *Planos da obra executada, en formato papel e en formato CD*
- *Informes de control de calidade, que recollen os informes da rede de saneamento da urbanización da rúa Miragaya (de 11.07.2011) e da prolongación da rúa Rosalía de Castro (de 07.07.2011), así como informes parciais mensuais e bimensuais*

III.- Constan tamén no expediente nº 5040/401 os seguintes informes favorables á recepción das obras:

- *De “R Cable y Telecomunicaciones Galicia, S.A.”, de 04.09.2011*
- *De “Telefónica de España, S.A.”, de 13.09.2011*
- *De “Gas Galicia SDG, S.A.”, de 15.09.2011*
- *De “Aqualia, Gestión Integral del Agua, S.A.”, de 16.09.2011, completado por informe complementario de 30.09.2011*
- *Do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, de 29.09.2011.*
- *Dos Servizos de Enerxéticos – Concellería de Fomento, de 30.09.2011*
- *Do Servizo de Limpeza, de 30.09.2011*
- *De “Unión Fenosa, S.A.”, de 04.10.2011*

IV.- Con posterioridade, o día 13.10.2011, a interesada presentou nova instancia (DOC. 110131618) á que xuntaba como anexo 1 unha acta de entrega e recepción parcial das obras, asinada o 11.10.2011 polo Presidente da Xunta de Compensación, o representante da empresa contratista “ATLÁNTICO CONSTRUCCIONES Y PROMOCIONES, S.L.”, e o arquitecto director das obras de urbanización, e como anexo 2, un plano do ámbito da recepción parcial; termina reiterando o contido da solicitude anterior, ampliando o solicitado a que dende a recepción parcial comece o cómputo do prazo de garantía.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- *TRLS/2008 (RDLex. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).*
- *LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).*
- *RDLex.1/2008, do 11 de xaneiro, Texto refundido da Lei de Avaliación de Impacto Ambiental de proxectos.*

- L.9/2006, do 28 de abril, sobre Avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente.
- L.6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- LRX-PAC (L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico da Admóns. públicas e do Procedemento administrativo común).
- LCSP (L.30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector público).
- RD.1098/2001, do 12 de outubro, Regulamento xeral da Lei de contratos das Admóns. públicas.
- RD.817/2009, do 8 de maio, Regulamento de desenvolvemento parcial da LCSP
- L.8/1997, do 20 de agosto, de Accesibilidade e supresión de barreiras na CA de Galicia.
- D.35/2000, do 28 de xaneiro, de desenvolvemento e execución da L.8/1997.
- RDUGal (D.28/1999, do 21 de xaneiro, Regulamento de Disciplina Urbanística de Galicia).
- RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- RD.1093/1997, do 4 de xullo, Regulamento sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística.
- Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (A.D. Pleno 29.07.1996, BOP 04.09.1996; modificación: A.D. Pleno 20.10.2000, BOP 06.11.2000; modificación: A.D. Pleno 26.04.2010, BOP 20.07.2010).
- PXOU-93 (Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo; A.D. Consello da Xunta 29.04.2003; DOG 10.05.1993; normas urbanísticas, BOP nº 133, 14.07.1993).
- PXOM 2008 (Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo; A.D. parcial: Orde Conselleira CPTOPT do 16.05.2008; DOG nº 106, do 03.06.2008; BOP nº 151, do 06.08.2008; Orde Conselleiro CMATI do 13.07.2009; DOG nº 144, do 24.07.2009; BOP nº 175, do 10.09.2009).
- Protocolo de actuación para o seguimento e recepción das obras de urbanización de ámbitos de iniciativa privada no Concello de Vigo (BOP nº 222, do 17.11.2009).

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- En data 13.10.2011, o enxeñeiro técnico de obras públicas dos Servizos Técnicos desta XMU emite informe acompañado dunha reportaxe fotográfica, co seguinte contido literal:

“Con fecha 28/09/11 (Nº Doc 110125599) la Junta de Compensación de la Unidad de Actuación I – 06 ROSALIA DE CASTRO 2, solicita la recepción parcial de las obras de urbanización.

Las obras de urbanización se han desarrollado según el Proyecto Reformado de Urbanización de la U.A. I – 06 ROSALIA DE CASTRO 2 (Exp – 4401/401) aprobado definitivamente por acuerdo de la Junta de Gobierno Local de fecha 14/02/05.

Tras diversas vicisitudes relacionadas fundamentalmente con cuestiones arqueológicas, el 20/10/09 se firma el Acta de Replanteo.

Desde ese momento, las obras han sufrido diversos ajustes basados en tres hechos determinantes, la no ejecución del aparcamiento concesionado bajo la calle Rosalia de Castro, el cambio de pavimento en aceras respecto del incluido en el Proyecto, y la solución al cruce que se crea entre las calles Miragalla, Rosalia de Castro y García Barbón. Estos ajustes, además de otros de tipo funcional como las alineaciones de los bordillos, los trazados de los servicios urbanísticos, o los de tipo ornamental al sustituir una pequeña fuente por la reordenación de los parterres vegetales en aras de un mantenimiento más austero, se recogen en los correspondientes Planos de Final de Obras que se adjuntan.

Con todo ello, la solicitud de recepción atañe exclusivamente a las calles Miragalla y Rosalia de Castro, quedando pendiente la urbanización la Plaza interior que figura en la ordenación de la Unidad de Actuación. Esta recepción parcial, tiene sentido, no por la extensión superficial de la zona a recibir, sino por el entramado viario que se completa, cuya importancia cobra especial relevancia al haberse puesto en funcionamiento recientemente la nueva estación de ferrocarril en la calle Areal, frente a la desembocadura de la calle Miragalla.

Estos ajustes no suponen modificaciones sustanciales con respecto al Proyecto aprobado, ajustándose sensiblemente al mismo.

El área urbanizada constituye una unidad funcional directamente utilizable que puede ser entregada al uso público.

Obran en el expediente que se informa informes favorables de Telefónica, R Cable y Comunicaciones, Gas Galicia Aqualia, UNION – FENOSA, así como los de los departamentos municipales habituales, Montes, Parques y Jardines, Electromecánicos, Seguridad, Circulación y Transporte, y Limpieza.

Cabe hacer la aclaración sobre lo expuesto en el informe del departamento de limpieza de fecha 30 de septiembre que, una vez recibido este escrito se procedió a replantear en las obras a recibir las bocas de riego necesarias (tres) para que éstas se encuentren con una separación máxima entre ellas de 50 m. dichas bocas ya han sido instaladas y se encuentran en servicio.

Por lo expuesto, desde el punto de vista urbanístico, no existe inconveniente en acceder a la solicitud.”

2.- De acordo co establecido no art. 110 da LOUGA, os proxectos de urbanización son proxectos de obras cuxa finalidade é executar os servizos e dotacións establecidas no planeamento. Por outra parte, a execución da urbanización forma parte do contido obrigacional dos propietarios e promotores en actuacións que o planeamento vixente reserva á iniciativa privada. Tal é o caso das actuacións de ámbitos e sectores xestionados de xeito indirecto (compensación, concerto e concesión de obra urbanizadora –arts. 126 LOUGA e 16 TRLS 2008-).

O artigo 110.5 da LOUGA dispón que a recepción polo Concello das obras de urbanización en execución do planeamento rexeráse polo disposto na lexislación de contratos das Administracións públicas e que, para o caso de que a Administración non resolva expresamente sobre ela no prazo de tres meses, contado desde que se inste a recepción, abondará co ofrecemento formal de cesión das mesmas pola persoa responsable da execución, para os efectos de entendelas recibidas.

Na actualidade, o art. 218 da LCSP preceptúa que á recepción das obras á súa terminación concorrerá o responsable do contrato (se existise) ou un facultativo designado pola Administración representante desta, o facultativo encargado da dirección das obras e o contratista asistido, se o estima oportuno, do seu facultativo.

Se as obras se atopasen en bo estado e axustadas ás prescricións previstas, o funcionario técnico designado pola Administración contratante e representante desta as dará por recibidas, redactándose a correspondente acta e comezando entón a contar o prazo de garantía que, en principio, non poderá ser inferior a un ano.

Durante ese prazo de garantía, o propietario coidará da conservación e policía das obras. Se descoidase a conservación e dese lugar a que periguen as mesmas, executaranse pola Administración, a custa do contratista, os traballos precisos para evitar o dano (art. 167 RX-TRLCAP). No suposto de vicios ocultos na obra, o prazo para esixir a responsabilidade será de 15 anos (art. 219 LCSP).

3.- O art. 123.2 da LOUGA obriga a executar o planeamento por polígonos completos. Polo tanto, como norma xeral, a recepción das obras de urbanización nas actuacións sistemáticas debe referirse ao polígono completo, unha vez rematadas na súa totalidade.

A posibilidade de recibir parcialmente as obras de urbanización está expresamente prevista no art. 218.5 da LCSP e no Art. 180.2 do RXU, sempre que a área urbanizada constitúa unha unidade funcional directamente utilizable que poida ser entregada ao uso público e se recibisen definitivamente as obras polas entidades encargadas da xestión urbanística.

4.- En calquera caso, a recepción parcial das obras de urbanización efectuarase co carácter excepcional sinalado no apartado b) do artigo Terceiro do «Protocolo de actuación para o seguimento e recepción das obras de urbanización de ámbitos de iniciativa privada no Concello de Vigo» (BOP n.º 222, de 17.11.2009), que establece que será posible a recepción parcial sempre e cando:

- As obras executadas sexan susceptibles de ser entregadas ao uso público*
- Sempre e cando sexan unha unidade funcional directamente utilizable e se teñan recibidas pola propia Entidade Urbanística colaboradora.*
- acordo de recepción parcial non habilitará á disolución da Entidade Urbanística Colaboradora*
- Non será título para a cancelación da obriga ou carga real das fincas resultantes de asumir a totalidade dos custes derivados da urbanización*
- Non implicará o inicio do cómputo do prazo de garantía pola execución das obras de urbanización*
- Tampouco será título para a devolución dos avais presentados. Con ocasión da recepción total, se comprobará de novo o estado da parte que se propoña para a súa recepción. Naquel caso de que se observen deficiencias na mesma derivada da execución das obras de urbanización ou polo deficiente estado das mesmas, se requirirá a realización das obras precisas. Da conservación e preservación do bo funcionamento da urbanización que se vaia a recibir, seguirá sendo responsabilidade da Xunta de compensación.*

A concorrencia dos requisitos indicados nos dous primeiros puntos quedan acreditados co informe do enxeñeiro municipal de obras públicas de 13.10.2011.

Consonte o disposto nos dous últimos puntos, a solicitude de devolución da parte proporcional do aval formulada pola interesada, así como a solicitude de que dende a recepción parcial comece o cómputo do prazo de garantía resultan incompatibles coa autorización da recepción parcial.

5.- Tal como se ven manifestando reiteradamente nos informes dos servizos xurídicos da Oficina de Planeamento – Xestión, as normas sobre contratación administrativa, ás que se remite a LOUGA, non contemplan a necesidade de adoptar un acordo municipal expreso para recibir formalmente obras de urbanización como as de referencia, esixíndose unicamente a redacción dunha Acta asinada polo funcionario técnico da Administración contratante e un representante desta na que se constate que as obras están en bo estado e son conformes co proxecto aprobado.

6.- A recepción das obras de urbanización é unha decisión marcadamente técnica e, no senso exposto, os Servizos técnicos da XMU expresaron a súa opinión favorable ao respecto. Polo que antecede, non procede formular proposta xurídica ningunha, realizándose a proposta de recepción das obras en cuestión polo propio Director dos Servizos técnicos da XMU, dando cumprimento así tamén ao disposto no art. 172 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro (ROF).

7.- De estimarse oportuno adoptar acordo con base na proposta técnica mencionada, o órgano competente para pronunciarse sería a Xunta de Goberno Local (art. 127.1 LRBRL), previa a súa consideración polo Consello de Xerencia da XMU (art. 10.1.j] Estatutos XMU).

8.- Contra o acordo que, de ser o caso, dicte a XGL os interesados poderán interpoñer, alternativamente, recurso potestativo de reposición perante ese mesmo órgano no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, contados en ambos casos desde o día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo de calquera outro que estimen pertinente.

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: *De conformidade cos informes técnicos que constan no expediente e, en especial, o do enxeñeiro de obras públicas dos Servizos Técnicos da Xerencia Municipal de Urbanismo de 13.10.2011, aceptar nos termos que neles se indican a recepción parcial das obras de urbanización incluídas no proxecto de urbanización do « U.A. I-06 ROSALÍA DE CASTRO 2», identificadas como prolongación da rúa Rosalía de Castro até García Barbón e rúa Miragaya*

SEGUNDO: *En aplicación do “Protocolo de actuación para o seguimento e recepción das obras de urbanización de ámbitos de iniciativa privada no Concello de Vigo” (BOP nº 222, do 17.11.2009), declarar que este acordo non é título para a cancelación da obriga das entidades participantes de asumir a totalidade dos custos derivados da urbanización, non implica o inicio do cómputo do prazo de garantía pola execución das obras e tampouco non será título para a devolución dos avais presentados.*

TERCEIRO: *Con ocasión da recepción total da urbanización comprobarase de novo o estado da parte que se propón para a súa recepción. No caso de que se observen deficiencias na mesma, derivada da execución das obras de urbanización ou polo deficiente estado das mesmas, requirirase a realización das obras precisas. Da conservación e preservación do bo funcionamento da urbanización que se vaia recibir seguirá sendo responsable a Xunta de Compensación da «UA I-6 ROSALÍA DE CASTRO 2».*

CUARTO: *Notificar este acordo ós interesados, con indicación de que contra o mesmo cabe interpoñer, alternativamente, recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun (1) mes ou recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses, contado desde o día seguinte ao da súa notificación.*

SEXTO: *Dar traslado tamén do contido íntegro deste acordo ao Servizo de Licenzas de obras da Xerencia Municipal de Urbanismo, ós Servizos municipais de Vías e Obras, Electromecánicos, Montes, Parques e Xardíns, Limpeza, Patrimonio, Estatística, Mobilidade, Transporte e Seguridade e OSPIO así como á concesionaria "Aqualia Gestión Integral del Agua, S.A." e ás compañías "Telefónica de España, S.A.", "Unión Fenosa S.A.", "R Cable y Telecomunicaciones Galicia, S.A." e "Gas Natural SDG, S.A."»*

O Consello da Xerencia de Urbanismo, con data 14.10.11, por unanimidade, acorda someter á Xunta de Goberno local a proposta contida no precedente informe.

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO: De conformidade cos informes técnicos que constan no expediente e, en especial, o do enxeñeiro de obras públicas dos Servizos Técnicos da Xerencia Municipal de Urbanismo de 13.10.2011, aceptar nos termos que neles se indican a recepción parcial das obras de urbanización incluídas no proxecto de urbanización do « U.A. I-06 ROSALÍA DE CASTRO 2», identificadas como prolongación da rúa Rosalía de Castro até García Barbón e rúa Miragaya

SEGUNDO: En aplicación do “Protocolo de actuación para o seguimento e recepción das obras de urbanización de ámbitos de iniciativa privada no Concello de Vigo” (BOP nº 222, do 17.11.2009), declarar que este acordo non é título para a cancelación da obriga das entidades participantes de asumir a totalidade dos custos derivados da urbanización, non implica o inicio do cómputo do prazo de garantía pola execución das obras e tampouco non será título para a devolución dos avais presentados.

TERCEIRO: Con ocasión da recepción total da urbanización comprobarase de novo o estado da parte que se propón para a súa recepción. No caso de que se observen deficiencias na mesma, derivada da execución das obras de urbanización ou polo deficiente estado das mesmas, requirirase a realización das obras precisas. Da conservación e preservación do bo funcionamento da urbanización que se vaia recibir seguirá sendo responsable a Xunta de Compensación da «UA I-6 ROSALÍA DE CASTRO 2».

CUARTO: Notificar este acordo ós interesados, con indicación de que contra o mesmo cabe interpoñer, alternativamente, recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun (1) mes ou recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses, contado desde o día seguinte ao da súa notificación.

SEXTO: Dar traslado tamén do contido íntegro deste acordo ao Servizo de Licenzas de obras da Xerencia Municipal de Urbanismo, ós Servizos municipais de Vías e Obras, Electromecánicos, Montes, Parques e Xardíns, Limpeza, Patrimonio, Estatística, Mobilidade, Transporte e Seguridade e OSPIO así como á concesionaria "Aqualia Gestión Integral del Agua, S.A." e ás compañías "Telefónica de España, S.A.", "Unión Fenosa S.A.", "R Cable y Telecomunicaciones Galicia, S.A." e "Gas Natural SDG, S.A."»

26(1184).- CORRECCIÓN DE ERROS MATERIAIS NO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN DOMICILIARIA DA INFANCIA APROBADO EN X.GOVERNO LOCAL O 2.09.11 E APERTURA DUN NOVO PRAZO PARA PRESENTACIÓN DE OFERTAS. EXPTE. 4979/224.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 13.10.11, que di o seguinte:

NORMATIVA APLICABLE:

- *Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (LCSP).*
- *Lei 37/1992, de 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido (LIVA).*
- *Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRJAP).*

ANTECEDENTES:

Durante o prazo de presentación de ofertas no procedemento aberto para a contratación do servizo de atención domiciliaria da infancia se constatou a existencia dun erro material na cláusula 3.B das Follas de características do contrato (FEC) do prego de cláusulas administrativas particulares, ó consignar o tipo impositivo de IVE aplicable ó contrato se determina que o contrato está exento de IVE, sendo así que está suxeito ó tipo impositivo reducido do 8%.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria de 2 de setembro de 2011, adoptou o seguinte acordo:

“1º.- Autorizar o gasto de 153.100 €/ano (25.516,67 € no ano 2011) para a contratación do servizo de atención domiciliaria á Infancia que se imputarán á partida “Sadi Kanguros” 2311 2279902 e bolsa de vinculación xurídica do orzamento da Concellería de Igualdade do ano 2011 e seguintes.

2º.- Aprobar os pregos de condicións técnicas e administrativas, para a contratación do Servizo de Atención Domiciliaria á Infancia.

3º.- Convocar o concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A apertura da licitación se anunciou no Diario Oficial de Galicia (nº182 de data 22-09-11), no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra (nº185 de data 26-09-11) e no Perfil Do Contratista do Concello de Vigo(15-09-11, comezando o prazo para a presentación de ofertas o día 27 de setembro de 2011 e finalizando o día 11 de outubro.

Terceiro.- Durante o prazo para a presentación de ofertas púxose de manifesto a existencia dun erro material no prego de cláusulas administrativas particulares: na cláusula 3.B das Follas de características do contrato (FEC) se establece que o contrato que nos ocupa está exento de IVE.

No entanto, as actividades que abarca o seu obxecto están suxeitas a IVE (artigo 4.1 en relación co artigo 20.1 da LIVA), sendo o tipo impositivo aplicable o reducido do 8% (artigo 91.uno.2.9 da LIVA)

A vixente lexislación de procedemento autoriza as administracións públicas a rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos (artigo 105.2 LRJAP).

En consecuencia, procede rectificar a citada cláusula, anunciar de novo a licitación e abrir un novo prazo de presentación de ofertas.

Así mesmo, dado que o valor estimado do contrato é o importe total, sen incluír o Imposto sobre o Valor Engadido, e tendo en conta as eventuais prórrogas do contrato (artigo 76.1 LCSP), ó estar suxeito ó contrato ó IVE é preciso rectificar tamén este valor, consignado na cláusula 3.C das Follas de características do contrato do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Dado que o prazo de presentación de ofertas do presente procedemento rematou o día 11 de outubro do ano en curso, e tendo en conta que durante o mesmo teñen presentado ofertas varios licitadores, o servizo de contratación deberá notificarlles ós mesmos, unha vez aprobado, o acordo de rectificación e concederlles a opción de ou ben manter a súa oferta ou ben retirala, circunstancias ambas das que deberá deixarse constancia documental no expediente.

Quinto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto no apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP.

Así, en mérito ó exposto, SE PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

“1º.- Rectificar as cláusulas 3.B e C das Follas de características do contrato (FEC) do prego de cláusulas administrativas particulares por terse cometido un erro material ó consignar o tipo impositivo de IVE aplicable ó contrato, que quedarían coa seguinte redacción:

3. CONTIDO ECONÓMICO

B)IVE A SOPORTAR POLA ADMINISTRACIÓN: 8%

C)VALOR ESTIMADO DO CONTRATO: 567.037,04 euros

2º.- Convocar o concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

3º.- Notificarlles ós licitadores que teñen presentado ofertas no presente procedemento, o acordo de rectificación de erros materiais do prego, e concederlles un prazo de tres días para manifestar por escrito se manteñen ou retiran as ofertas presentadas”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

27(1185).- CONTRATO DE PATROCINIO PUBLICITARIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O REAL CLUB CELTA DE VIGO S.A.D. EXPTE. 3867/104.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes xurídicos, de datas 21 e 26 de setembro de 2011, o informe de fiscalización do 5.10.11, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Turismo e Comercio, do 6.10.11, conformado polo concelleiro da Área de Industria, Comercio, Turismo e PYMES, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o texto do contrato que de seguido se transcribe, para formalizar o patrocinio publicitario do Real Club Celta de Vigo SAD, por parte do Concello de Vigo, no ámbito das accións promocionais da cidade que desenvolve a Concellería de Industria, Comercio e PYMES.

2º.- Autorizar a disposición e o gasto de 66.000 €, sesenta e seis mil euros, IVE incluído, con cargo ao orzamento da Concellería de Turismo, partida 4320.2279909 “Convenio publicidade turismo Real Club Celta”, do vixente orzamento, en concepto de patrocinio publicitario, polo procedemento negociado sen publicidade, ao concorrer o suposto previsto no Art. 154.d da Lei de contratos sector público, a favor do Real Club Celta de Vigo SAD, CIF: A-36609105.

3º.- Habilitar ao Concelleiro da Área de Industria, Comercio, Turismo e PYMES, Cayetano Rodríguez Escudero, para a firma deste contrato.

CONTRATO DE PATROCINIO PUBLICITARIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O REAL CLUB CELTA DE VIGO SAD PARA A PROMOCIÓN DA CIDADE NOS PARTIDOS DA LIGA DE FÚTBOL PROFESIONAL

Por parte do Concello de Vigo

D. Cayetano Rodríguez Escudero, na súa calidade de Concelleiro da Área de Industria, Comercio, Turismo e PYMES, no sucesivo CONCELLO DE VIGO, na representación legal do mesmo, en virtude do Decreto da Alcaldía de 13 de xuño de 2011, sobre delegación de atribucións do Concelleiro de Turismo e demais Delegados de Área, con domicilio na Praza do Rei s/n.

Por parte do Real Club Celta de Vigo SAD

D. Manuel Carlos Mouriño Atanes, en calidade de Presidente do Real Club Celta de Vigo SAD, sociedade anónima deportiva con domicilio na rúa Conde de Gondomar núm. 1 de Vigo. O Sr. Mouriño actúa en virtude da escritura pública de data 30 de xuño de 1992 autorizada polo notario de Vigo, D. Alejo Calatayud Sempere, ao número 2112 de orde do seu protocolo, e da escritura pública de data 20 de outubro de 2009, autorizada polo notario de Vigo, D. José Pedro Riol López, ao número 2644 de orde do seu protocolo.

Ambas partes, na representación que ostentan, recoñécense capacidade xurídica suficiente para celebrar o presente contrato, que rexerá de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira: obxecto do contrato.- Este contrato ten como obxecto a publicidade da imaxe e marca de Turismo de Vigo, para promocionar a cidade a través da inserción de publicidade de Vigo como destino turístico e a inclusión do logo oficial da marca Turismo de Vigo nos medios publicitarios dos que dispón nas súas instalacións o Club, especialmente con motivo da retransmisión dos partidos da Liga de Fútbol Profesional nos canles nacionais e rexionais.

Segunda: contido do patrocinio.- O patrocinio regulado no presente contrato, consistirá na publicidade da imaxe e marca de Turismo de Vigo, para promocionar a cidade a través da inserción de publicidade de Vigo como destino turístico e a inclusión do logo oficial da marca Turismo de Vigo en todos os instrumentos de comunicación que ten o Club, e especificamente nos seguintes:

1.- Colocación de lonas publicitarias co logo oficial da marca Turismo de Vigo no Estadio de Balaidos:

- a) 10 metros de valla no frontal de río*
- b) 10 metros de valla no frontal de tribuna*
- c) 10 metros de valla no frontal de marcador*
- d) lona exterior na fachada de tribuna*

2.- Incluír publicidade de Vigo como destino turístico e o logo oficial da marca Turismo de Vigo no sistema Speed Time ubicado detrás de cada unha das porterías. O tempo contratado para esta actuación é de 4 minutos por partido, polo que obteranse non menos de 8 impactos televisivos por partido.

Terceira: tipo de contrato administrativo e procedemento de adxudicación.- De conformidade co establecido no art. 26.1 d) e no disposto no art.20.2 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público faise constar que o presente contrato ten a consideración de contrato privado e se rexerá, en canto a súa preparación e adxudicación, en defecto de normas específicas, pola citada Lei e as súas disposicións de desenvolvemento, aplicándose de xeito supletorio as restantes normas de dereito administrativo ou, no seu caso, as normas de dereito privado. En cuanto aos seus efectos e extinción, rexerá polo dereito privado: Lei 34/1988, de 11 de novembro, xeral de publicidade e aquelas outras que regulen aspectos do contrato de difusión publicitaria en canto lle sexan aplicables.

Ao abeiro do artigo 154.d. da Lei 30/2007, de 30 de outubro de contratos do sector público a adxudicación realizarase a través do sistema de procedemento negociado sen publicidade por razóns de exclusividade xa que o contrato só pode encomendarse a iste contratista.

Cuarta: aportación económica e xustificación do contrato.- A persoa xurídica Real Club Celta de Vigo SAD, recibirá do Concello de Vigo, a través da Concellería de Industria, Comercio e Turismo, en concepto de contraprestación económica de patrocinador, a cantidade de 66.000 euros, -sesenta e seis mil euros- con cargo á partida 4320.2279909 “Convenio publicidade turismo Real Club Celta”, do vixente orzamento municipal, impostos incluídos, en concepto de publicidade da imaxe de Turismo de Vigo, mediante as contraprestacións descritas neste contrato.

O abono realizarase da seguinte forma:

- ◆ O 50%, do seu importe unha vez firmado o contrato e contra a entrega de factura, consonte cos requisitos que establece o Real Decreto 1496/2003 de 28 de novembro, e que deberá de conformar o Servizo municipal de turismo e comercio, como responsable do seguimento do contrato.
- ◆ O 50% restante unha vez finalizado o prazo do contrato, contra a entrega de factura, consonte cos requisitos que establece o Real Decreto 1496/2003 de 28 de novembro, e a memoria do patrocinio, na que consten as especificacións da totalidade das prestacións obxecto do contrato e unha vez recibidas de conformidade polo Servizo municipal de turismo e comercio, como responsable do seguimento do contrato.

O medio de pago será a transferencia bancaria á conta 0182563598000096986 do Real Club Celta de Vigo SAD.

O prezo pactado non será obxecto de revisión nin actualización por ningunha causa ou motivo.

Quinta:obrigas do patrocinado.- A sinatura do presente contrato, o patrocinado, o Real Club Celta de Vigo SAD, queda obrigado a:

- Utilizar, para o patrocinio regulado no presente contrato, exclusivamente as imaxes e logos entregados polo patrocinador.
- Indemnizar ao patrocinador polos danos e perxuízos causados no suposto de non ter realizado a publicidade pactada no presente contrato.
- Correr con todos os gastos que se poidan producir pola publicidade contemplada no presente contrato.
- Asumir e satisfacer os gastos fiscais, incluído o Imposto sobre o Valor Engadido, notarias e de calquera outro orde que, no seu caso, derívense do outorgamento deste contrato de patrocinio publicitario.
- Á finalización do contrato, o patrocinado, obrígase a presentar ao Concello de Vigo a memoria das actividades e das accións publicitarias realizadas.

Sexta: obrigas do patrocinador.- A Concellería de Industria, Comercio, Turismo e PYMES comprométese a desenvolver as tarefas necesarias para dinamizar, fomentar, estimular e promover iniciativas dos axentes turísticos da cidade para as actuacións conxuntas de promoción de Vigo e realizará cantas xestións sexan precisas con outras administracións para a consecución de apoios para o proxecto.

Sétima: vixencia do contrato.- Iste contrato terá vixencia desde o día da súa asinatura ata o 31 de decembro de 2011.

Oitava: compromiso das partes.- O presente contrato ríxese polo súas cláusulas e pola normativa de aplicación. O Concello non asume respecto ao Real Club Celta de Vigo SAD ningunha outra obriga ou compromiso, que non estea indicado expresamente neste contrato ou nos seus anexos, xa que o presente contrato contén o compromiso pleno e íntegro ao que chegaron as partes en relación ao obxecto do mesmo. En consecuencia, primará sobre calquera outro documento, comunicación oral ou escrita ou conversación que manteñan ou teñan asinado as partes con anterioridade á firma deste acordo.

Novena: incumprimento e extinción contractual.- O contrato pódese resolver por calquera das partes por forza maior ou por causa de incumprimento grave das obrigas derivadas do mesmo. Neste suposto, a parte cumpridora estará facultada para dar por resolto o contrato, unha vez notificada por escrito e pasados quince días desta notificación.

Solo en casos de forza maior xustificada que lle impida executar os compromisos adquiridos mediante o presente contrato, e previa presentación dos xustificantes oportunos, poderá o Real Club Celta de Vigo rescindilo, sen ningún dereito a indemnización por parte do CONCELLO e neste caso, o Real Club Celta de Vigo non percibirá cantidade ningunha das pactada no presente contrato.

Décima: xurisdicción competente.- Para cantas cuestións e litixios que poidan derivarse do cumprimento deste contrato, as partes sométense a xurisdicción civil dos Tribunais de Vigo con renuncia expresa de calquera outro foro e domicilio que en dereito puidera corresponderlles.

E en proba de conformidade, firman os comparecentes por duplicado o presente contrato en Vigo, o día

28(1186).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M^a Jesús Lago Rey.